



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 30 de xaneiro de 2026



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 30 DE XANEIRO DE 2026.

***Declaración institucional relativa á defensa dos postos de traballo e do futuro industrial do grupo Losán en Galicia**

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 14/2025 do 22 de decembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 15 de decembro de 2025 ao 25 de xaneiro de 2026.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Ferrol para cofinanciar o Programa cultural do concello de Ferrol do ano 2025

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

4. Dación de conta do Plan Anual de Contratación para o ano 2026

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

5. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Frades para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.
6. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Melide para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.
7. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Vimianzo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

8. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a novembro de 2025.
9. Dación de conta do informe-resume do estado de execución do Plan de 2024 de Control Financeiro de subvencións pagadas no 2022.
10. Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación e dos Concellos de Boimorto, Cee, Dodro, Muxía e Porto do Son do exercicio 2025, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2023.



11. Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.
12. Aprobación definitiva do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2026.
13. Dación de conta das resolucións da presidencia número 59154/2025 e 59286/2025, relativas ao persoal eventual.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

14. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027, do Programa FO208 de subvencións a concellos para financiar a supresión da simbología franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática.
15. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 de varias convocatorias de premios de Deportes.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

16. Aprobación do proxecto da obra mellora do firme con MBQ na DP 7804 Val do Dubra a Santiago, PQ 19+000 ao 22+760 (Santiago de Compostela)
17. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 3903 Adragonte a Vilamateo por Ambroa ,ampliación e mellora da seguridade vial PQ 4+640 a 6+490 (Irixoa e Vilarmajor)

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓN

- 1.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para o apoio xurídico e económico aos concellos na reclamación do financiamento da dependencia.
- 2.Moción PP sobre a necesidade de flexibilizar o Regulamento de control ao sector pesqueiro
- 3.Moción PP en defensa do sector primario
- 4.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para instar á Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de xaneiro de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de xaneiro de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside en ausencia do titular: don Xosé Regueira Varela, presidente en funcións da Corporación

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.



Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día a todos e a todas. Se vos parece, damos comezo á sesión. Comezamos cos puntos da orde do día.

Sr. Secretario

Comezamos coa declaración institucional relativa á defensa dos postos de traballo e do futuro industrial do grupo Losán en Galicia.

Declaración institucional relativa á defensa dos postos de traballo e do futuro industrial do grupo Losán en Galicia

O Grupo Losán, a través das sociedades Losán Servicios Generales, Industrias Losán, Aserpal e Cometa, constitúe un dos principais referentes industriais do sector da madeira en Galicia, con especial implantación na provincia da Coruña, especialmente nos concellos da Coruña, Curtis e Vilasantar.

Estas empresas empregan de xeito directo arredor de 200 persoas traballadoras só en Galicia, xerando ademais unha importante cantidade de emprego indirecto vinculado ao transporte, á subministración de materias primas e a múltiples actividades auxiliares, cun impacto económico e social moi relevante na provincia da Coruña e, de maneira especial, nunha bisbarra historicamente castigada pola escasa actividade industrial e pola falta de oportunidades laborais estábeis.

Nos últimos anos, o Grupo Losán vén atravesando unha situación económica extremadamente grave, que está a ter consecuencias directas sobre o persoal, materializadas en atrasos reiterados no cobro das nóminas, impagos de pagas extraordinarias e incumprimentos do convenio colectivo. Esta situación está a poñer en risco a cont inuidade da actividade produtiva e a estabilidade laboral de centos de familias.

Cómpre lembrar que se trata dunha empresa que recibiu múltiples axudas públicas ao longo da súa traxectoria recente, incluíndo operacións de rescate e apoio financeiro con fondos públicos, o que reforza a obriga das administracións de velar polo mantemento do emprego, polo uso social responsable destes recursos e pola viabilidade real do proxecto industrial.

O persoal afectado, a través da súa representación legal, iniciou mobilizacións e accións legais lexítimas para defender os seus dereitos laborais, o cobro das cantidades debidas e a garantía de futuro das fábricas. Trátase dunha loita xusta, baseada na defensa do traballo digno, da actividade produtiva e do tecido industrial do país.

Por todo o anterior, resulta imprescindible unha resposta coordinada, tanto empresarial como política, que vaia máis alá de solucións conxunturais e que aposte decididamente pola modernización, reactivación e viabilidade das plantas industriais, garantindo os postos de traballo existentes.

Por todo o exposto, os grupos provinciais que suscriben esta declaración institucional apoian



os seguintes acordos

Primeiro. Manifestar o seu apoio explícito ao persoal de Losán Servicios Generales, Industrias Losán, Aserpal e Cometa na súa loita pola defensa dos seus postos de traballo, polo cobro íntegro das cantidades pendentes e pola continuidade da actividade industrial.

Segundo. Instar á dirección do Grupo Losán a presentar unha solución empresarial seria, viable con garantías reais, que asegure o mantemento do emprego, a modernización das instalacións e a reactivación produtiva das fábricas situadas en Galicia.

Terceiro. Solicitar ás administracións públicas competentes, nomeadamente á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado, que se impliquen activamente na busca dunha solución política e industrial que permita garantir o futuro destas empresas, condicionando calquera apoio público ao mantemento do emprego e ao cumprimento das obrigas laborais.

Cuarto. Comprometerse, no ámbito das competencias provinciais, a prestar todo o apoio institucional necesario ao persoal e ás iniciativas que contribúan a asegurar a continuidade destas fábricas, consideradas vitais para o desenvolvemento económico e social da provincia.

Quinto. Dar traslado deste acordo á representación legal das persoas traballadoras, á dirección do Grupo Losán, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

Sr. Presidente

Moi ben. Pois imos coa orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 14/2025 do 22 de decembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 14/2025 do 22 de decembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 15 de decembro de 2025 ao 25 de xaneiro de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 15 de decembro de 2025 ao 25 de xaneiro de 2026.



3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Ferrol para cofinanciar o Programa cultural do concello de Ferrol do ano 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **50.000 €**, ao Concello de Ferrol para cofinanciar o **Programa cultural do concello de Ferrol do ano 2025**, cun orzamento subvencionado de **62.500,00 €**, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de xaneiro de 2026.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa cultural do concello de Ferrol do ano 2025.**

Na Coruña, a

Ante min,....., Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Ferrol.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que o Concello de Ferrol, desenvolve o Programa cultural do ano 2025, que inclúe a organización do Premio Ricardo Carballo Calero, a transcripción de entrevistas realizadas a traballadores dos estaleiros ferroláns, o Festival de homenaxe a Castelao e a Exposición



pictórica de Ricardo Segura Torrella.

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción do deporte; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Ferrol na súa Programación cultural do ano 2025, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Ferrol acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Ferrol**, con CIF: P1503700E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a realización das actividades de culturais no ano 2025 que se indican deseguido:

1. Organización do Premio Ricardo Carballo Calero.
2. Transcrición de entrevistas realizadas a traballadores dos estaleiros ferroláns.
3. Festival de homenaxe a Castelao.
4. Exposición pictórica de Ricardo Segura Torrella

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, cun orzamento de **62.500,00 €** que se desagrega do seguinte xeito:

Premios	8.000,00
Xurado	3.000,00
Publicación obras	8.797,72
Transcrición de entrevistas	7.623,00
Deseño e realización homenaxe a Castelao	12.000,00
Publicidade	2.774,06
Exposición pictórica	10.838,21
Seguro	1.925,08
Transportes	7.541,93

Orzamento total 62.500 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha

**RPT-6654235



porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Ferrol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Ferrol, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a actividade subvencionada no ano 2025, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.



VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Ferrol unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

- * **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

- * **Certificación** expedida polo Interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificandos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o período de vixencia do convenio.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de abril de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade



financeira indicada polo Concello de Ferrol.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e



seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Dación de conta do Plan Anual de Contratación para o ano 2026

Dáse conta do Plan Anual de Contratación para o ano 2026

5.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Frades para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes, que representa a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Frades para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Frades, en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2025 acadou por unanimidade o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.



3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.

6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Frades mediante acordo plenario de data 27 de novembro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña."

6.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Melide para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes, que representa a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Melide para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:



1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello de Melide, en sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2025 acadou por unanimidade o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

- 1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Melide mediante acordo plenario de data 28 de novembro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación
- 2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.
- 3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña."

7.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Vimianzo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes, que representa a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Vimianzo para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Vimianzo, en sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2025 acadou por maioría absoluta o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.

3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.

6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Vimianzo mediante acordo plenario de data 26 de novembro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.”



8.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a novembro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de novembro de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de novembro de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

9.- Dación de conta do informe-resume do estado de execución do Plan de 2024 de Control Financeiro de subvencións pagadas no 2022.

Dáse conta do informe-resume do estado de execución do Plan de 2024 de Control Financeiro de subvencións pagadas no 2022, asinado polo órgano interventor o 16 de decembro de 2025 no que se indican os resultados de todos os expedientes concluídos ata esa data.

10.- Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación e dos Concellos de Boimorto, Cee, Dodro, Muxía e Porto do Son do exercicio 2025, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2023.

Conforme ao Real Decreto 427/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno ás entidades do sector público local, dáse conta das actuacións a realizar no control financeiro 2025 relativo ás subvencións pagadas ao longo do exercicio 2023, referidas tanto á Deputación Provincial como aos concellos que delegaron nesta Deputación o control financeiro sobre as subvencións.

Este plan de control financeiro 2025 formará parte do Plan anual de Control Interno 2026.

11.- Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.



12.- Aprobación definitiva do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2026.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

No punto número 12 hai un informe para rectificar un erro material. Creo que xa se puxo en coñecemento... Vai dar lectura o secretario o erro antes de proceder ás intervencións, se as houbera, ou á votación.

Sr. Secretario

No asunto número 12, en relación ao ditame da Comisión Informativa, advertíronse erros materiais na páxina 23, onde figura a Xefatura de Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente debe dicir Xefatura de Sección de Transición Ecolóxica e Cooperación, e nas páxinas 4 e 7 do anexo V onde di Información e Actas debe dicir Información e Actividade Corporativa. Son erros materiais que se incorporan ao ditame.

Sr. Presidente

Algunha intervención?

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeras y compañeros de Corporación.

Referido a este punto, como es sabido, en las cuestiones de personal solemos ser muy contenidos y no solemos mostrar un rechazo a las propuestas, aunque no nos convenzan plenamente. Sin embargo, y en relación a la aprobación definitiva de la RPT e instrumentos conexos, tenemos que plantear una objeción, concretamente en lo que se refiere a la readscripción de la sección de la Organización de la Prevención de Riesgos Laborales. Solicitamos que esta modificación concreta de la RPT, referida a la readscripción del referido Servicio, no se someta a la aprobación definitiva y, en todo caso, con carácter previo a su diferido sometimiento a otro pleno, se emita un informe de legalidad por parte de la Secretaría General, que considere o valore lo planteado en las alegaciones, especialmente en las referidas a esta cuestión. Y esto lo planteamos debido al contexto sensible que rodea esta concreta modificación, no sé si es necesario que explicité este contexto mucho más.

En todo caso, si no se retira o no se tiene en cuenta esto, nuestro voto va a ser en contra.

Sr. Presidente

Por parte do Goberno?

Sr. Rioboo Castro

Someterémolo, loxicamente, a votación. Nós consideramos que é unha modificación eminentemente organizativa, non supón, nin moito menos, calquera outra cuestión.

Consideramos que Prevención de Riscos debe estar enmarcado dentro do que é o



conxunto de Recursos Humanos por unha maior axilidade, porque hai ocasións onde as materias que se tratan son moi correlacionadas co cal, neste posto concreto considerabamos que debería estar dentro do organigrama de Recursos Humanos. Nós, lóxicamente, por esa cuestión organizativa e polos informes que hai ao respecto e por diferentes situacións, o traballo que se está a realizar por parte das persoas e do equipo de prevención de riscos é un traballo excelente e extraordinario, non temos nada que obxectar, simplemente que, á hora de concretar algunhas cuestións, consideramos que pola materia que ás veces se trae, sería moito máis áxil que estivera correlacionada con todo o persoal de Recursos Humanos, porque ten un persoal técnico que pode servir para, se cabe, mellorar e axilizar algunhas cuestións que, ás veces, se nos estaban retrasando un pouco.

Creo que non procede ese cambio, aínda que, ben, o Pleno é soberano e, en boa lóxica, imaxino que poderá, se así o determina a lexislación, facer ese cambio. E, en calquera caso, tamén lles digo a todos e a todas os que nos estean escoitando e ás persoas traballadoras desta Deputación, isto non é algo inflexible; a RPT é algo totalmente flexible, algo que este Goberno, no caso de errar, estaría disposto a rectificar pero, ben, consideramos que debería seguir o curso do que, organizativamente, así nos aconsellan tamén, non un documento político, senón un documento técnico, para poder continuar con el. Efectivamente, se nalgunha cuestión nos puideramos equivocar, xa os propios xefes de servizo, o propio persoal que dirixe tecnicamente as áreas, pois así nolo fará saber e aquí non hai ningunha cuestión nin de orgullo, nin nada polo estilo de non poder modificar inmediatamente calquera cousa que poida estar mal.

Pero, en calquera caso, a proposta é firme e gustaríanos que se aprobara tal cal está.

Sr. Ben Otero

No es una cuestión de oportunidad lo que se discute, sino de legalidad y de garantías, por eso pedimos la retirada de esta modificación. Y nosotros tampoco queremos que esta retirada o aplazamiento de la aprobación de la RPT pueda perjudicar a otro personal de la casa. Esto, una vez el informe que hemos solicitado de Secretaría, podía convocarse un pleno extraordinario y aprobarse lo antes posible, pero usted sabe, señor Rioboo, que hay en curso un procedimiento frente al acoso laboral; puede incluso sobrevolar la sombra de una afectación a la libertad sindical, un procedimiento frente al acoso que interfiere o puede ensombrecer por la posible concurrencia de una causa de abstención el informe del servicio correspondiente sobre las alegaciones presentadas. Hay también una solicitud de evaluación de riesgos psicosociales pendiente de resolver, y concurren otras serias dudas de legalidad, más allá de actuaciones legales que se hayan podido iniciar por parte de tal. Yo, por el bien de todos, yo retiraría el punto. ¿Ustedes quieren seguir adelante? Sobre este tema me temo que seguiremos hablando en las próximas fechas. Nosotros, nuestro voto, si no lo retiran, va a ser en contra.

Nada más y gracias.

Sr. Rioboo Castro

Bueno, esta es una Administración garantista. En cualquier caso, cualquier persona, cualquier trabajador puede formular todas cuantas quejas considere, y aquí hay órganos de control que determinarán si cualquier interpretación que se pueda hacer sobre cualquier procedimiento que se siga en esta Administración se ajusta o no a derecho. Yo creo que tenemos un personal altamente cualificado y además de los mejores que hay en todas las



diputaciones de toda España, creo que el personal más cualificado lo tenemos en esta Diputación y creo que podrán dirimir cualquier cuestión que se pueda plantear sobre cualquier diputado, sobre cualquier diputada y sobre cualquier trabajador en aras, lógicamente, de que haya una total transparencia y también una seguridad jurídica, y que las acusaciones veladas sean acusaciones veladas que se pueden utilizar dentro de un determinado lenguaje, pero las sentencias judiciales que sean realmente las que nos acusen o nos liberen de cualquier condena o de cualquier cuestión que pueda ser susceptible de que se dude de que el procedimiento es el correcto.

Sr. Presidente

Moi ben. En todo caso, mantemos o punto na orde do día e procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

“En relación co acordo plenario do 21 de novembro de 2025 de aprobación inicial da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e organigrama 2026 e as alegacións formuladas contra el, dentro do prazo legal, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Corporación Provincial, na sesión plenaria celebrada o día 21 de novembro de 2025, acordou aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo do ano 2026. O anuncio da aprobación inicial foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 225, do 24 de novembro de 2025, abríndose un prazo de información pública de vinte (20) días, a contar desde o seguinte á dita publicación, para que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Segundo.- Fronte o citado acordo de aprobación inicial presentáronse as seguintes alegacións:

- M.C.D.S. (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900124168 do 13 de decembro), como Directora do Fogar Infantil Emilio Romay, solicita que se revise a valoración e dependencia do posto de Directora do Fogar, así como a transformación do posto de administrativo do Fogar nunha Xefatura de Negociado.
- O 15 de decembro de 2025, R.M.T.J., (número de entrada no Rexistro Xeral 202590000035017 do 15 de decembro), responsable da Sección de Organización da Prevención de riscos laborais presenta escrito de alegacións no que solicita que non se aprobe a adscrición da Sección de Organización da Prevención de riscos laborais ó Servizo de Recursos Humanos, manténdose a adscrición actual ó Servizo de Organización.



- E.M.C.G. (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900120589 do 4 de decembro), traballadora do Centro de Menores de Ferrol, solicita que figure na relación de postos de traballo a reserva do posto de titor que desempeñaba no indicado Centro.
- I.S.V.,(número de entrada no Rexistro Xeral 202599900119482 do 3 de decembro), funcionario de carreira en praza de enxeñeiro técnico en topografía, solicita que a relación de postos de traballo reflicta a proposta formulada polo Xefe de Servizo de Vías e Obras, e non sendo así que non se realice modificación algunha nese Servizo.
- S.H.L. (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900128812 do 22 de decembro), funcionaria da Deputación, solicita que se asigne ó posto de traballo que ocupa, técnico de cultura, o mesmo complemento específico que ó posto de técnico de deportes.
- M.G.N., (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900128429 do 21 de decembro), solicita a equiparación no complemento específico da totalidade dos condutores cos condutores da Presidencia.
- J.M.L., (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900124435 do 14 de decembro), funcionario de carreira, titular do posto de Xefe do Servizo de Organización, solicita que se exclúa da relación de postos de traballo a adscrición da Sección de Organización da Prevención de riscos laborais ó Servizo de Recursos Humanos, manténdose a adscrición actual ó Servizo de Organización.
- J.P.P., (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900124377 do 14 de decembro), quen intervén como representante sindical da Sección do CSIF da Deputación provincial, solicita que non se aprobe definitivamente a relación de postos de traballo 2026.
- Enrique Urcola Fernández-Miranda, (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900124998 do 15 de decembro), quen intervén en representación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos solicitando que se incorpore a titulación de enxeñeiro de camiños, canles e portos aos postos técnicos vinculados a obras e infraestruturas no Servizo de Asistencia Técnica a Municipios e se cree un posto específico con esa titulación.
- José Antonio Rueda de Valenzuela, (número de entrada no Rexistro Xeral 202599900128807 do 22 de decembro), en nome e representación do Colexio Territorial de secretarios, interventores e tesoureiros da Administración Local das provincias da Coruña e Pontevedra, quen solicita que se estableza como sistema de provisión do posto Secretario-Interventor de asistencia a concellos e entes dependentes provinciais o de concurso.

Fundamentos de dereito

Respecto das alegacións formuladas pola Directora do Fogar Infantil Emilio Romay cumpre sinalar que a dependencia do FIER do Servizo de Acción Social a través da Sección de Educación e Centros non constitúe ningunha novidade na organización provincial. Ata o 31 de outubro de 2013 estivo adscrito ó Servizo de Fomento e Servizos provinciais a través da Sección de Servizos Sociais, e dende entón ata o ano 2016 á Area de Servizos provinciais.



No Regulamento de funcionamento e organización interna do Fogar contéplase a presenza no Consello do Centro dunha persoa designada pola Presidencia entre o persoal da Área correspondente os centros de menores e outra entre o persoal dos servizos centrais que interveñen na xestión dos centros, ademais doutros técnicos dos Servizos sociais da Deputación na Comisión Técnica e na Comisión Educativa, de xeito que a norma máis específica das que afectan o Fogar contempla a existencia dunha estrutura administrativa na que se integra o Fogar. Isto mesmo nos atopamos no ámbito da administración autonómica, onde os Centros de menores da Consellería de Política Social e Igualdade dependen das Direccións dos Departamentos Territoriais, que a súa vez dependen funcionalmente da titular da Consellería (Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade).

A proposta que agora se discute no supón, en ningún caso, unha mingua na autonomía da dirección do Fogar no que se refire o exercicio das funcións de garda dos menores acollidos no centro residencial. A xestión dos centros educativos e de menores de titularidade provincial leva de seu aspectos de natureza administrativa (organizativos, orzamentarios, patrimoniais, contractuais...) que xustifican a existencia dunha unidade administrativa que actúe entre a dirección dos diferentes centros e a Presidencia da Deputación.

Polo que atinxe a valoración do posto de Dirección do Centro, non variaron as circunstancias en atención ás cales, e por acordos plenarios 28 de setembro de 2018 e 27 de xaneiro de 2023, determináronse o complemento específico e o complemento de destino do posto en cuestión.

Entre as funcións do posto de administrador do Fogar se atopan as de “Supervisar a aplicación da Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos”, as de “Colaborar na xestión da administración e outros asuntos relacionados co centro (como por exemplo: recepcionar e tramitar documentación dos/as menores do centro, custodiar os libros oficiais, etc.) así como as de “Apoiar á dirección e suplila na súa ausencia en temas delegados de organización, persoal, xestión orzamentaria e administrativa”, polo que é a iste posto ao que deben atribuírse as funcións que fai referencia a Directora do Fogar cando sostén a transformación do posto de administrativo do Centro.

Fronte as alegacións formuladas por R.M.T.J. hai que dicir que como Administración pública de carácter territorial corresponde á provincia a potestade de autoorganización, entendida como conxunto de facultades que ostenta para organizar a súa estrutura na procura dunha maior eficacia na actividade administrativa. Segundo o disposto no artigo 5.2 da Lei 40/2015 “Corresponde a cada Administración Pública delimitar, en su respectivo ámbito competencial, las unidades administrativas que configuran los órganos administrativos propios de las especialidades derivadas de su organización”. A doutrina xurisprudencial ratifica o amplo marxe de discrecionalidade atribuído á Administración no exercicio da potestade organizativa, sen máis límites que o respecto á legalidade e a submisión a satisfacción do interese público. A proposta de integración da Sección da Organización da Prevención de Riscos Laborais no Servizo de Recursos Humanos busca unha maior coordinación na tramitación de expedientes nos que interveñen ambas unidades, na procura precisamente dunha maior eficacia no actuar administrativo. De feito, ata o ano 2014 tanto o posto de técnico de prevención de riscos laborais como o de ATS/DUE de empresa estiveron integrados no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, e debe terse presente que no organigrama do ano 2014 o Servizo de Organización formaba parte da Área de Persoal e Organización. De acordo co disposto no artigo 74 do Estatuto Básico del Empleado Público as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través das relacións de postos de traballo, polo que seguiu o procedemento previsto para tal fin.

De conformidade co disposto no Regulamento dos Servizos de Prevención, o servizo de



prevención propio constituirá unha unidade organizativa específica, condición que non se ve afectada polo cambio de adscrición aprobado polo Pleno corporativo. Debe recordarse que a independencia funcional do empregado competente na emisión dun informe non se ve afectada pola integración da Sección nun servizo ou outro, resultando garantida en todo caso.

A adscrición da Sección non afecta a modalidade organizativa da prevención dos riscos, polo que non é necesaria a intervención do Comité de Seguridade e Saúde (artigo 39 da Lei 31/1995, de prevención de riesgos laborales)

A competencia para establecer a organización da Deputación é do Pleno, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 7/1985, e a referencia na cabeceira da Resolución da Presidencia pola que se aproba o Plan de Prevención ao Servizo de Organización se debe unicamente a conveniencia de indicar a unidade administrativa a quen corresponde, en cada momento, a redacción material da mesma, pero non se contén ningunha referencia expresa no Plan á integración da Unidade de riscos no Servizo de Organización.

Segundo o Decreto 151/2022 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, de aplicación ao persoal funcionario da Administración local no que non estea reservado á lexislación do Estado, cando regula as áreas funcionais, como grupo de función, actividades e procedementos de traballo, establece, entre outras, a área funcional de Persoal, que se corresponde cos postos de traballo con funcións de tramitación de nóminas, Seguridade Social, xestión de persoal e riscos laborais.

Polo que atinxe as alegacións de E.M.C.G., segundo o disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo existentes nunha administración pública, debendo incluír para cada posto o código alfanumérico, denominación e natureza xurídica, a clasificación profesional, o sistema de provisión, a adscrición orgánica, o complemento retributivo do posto, os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, méritos, capacidades, experiencia ou categoría profesional para a súa provisión así coma calesquera outras circunstancias relevantes para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente, polo que carece de fundamento a pretensión de que na relación de postos de traballo figure a eventual reserva do posto que poida concorrer nun emprego público.

En relación cas alegacións formuladas por I.S.V. debe sinalarse que a proposta do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos recolle parte das propostas formuladas polo Servizo de Vías e Obras, como é habitual na tramitación dos expedientes de aprobación ou modificación da relación de postos de traballo nos que, por razóns orzamentarias ou organizativas, non é posible acoller a totalidade das propostas formuladas polas diferentes unidades administrativas. No caso concreto que nos ocupa o informe-proposta de Recursos Humanos recolle ó pe da letra as funcións propostas polo xefe do Servizo de Vías e Obras no que se refire aos postos de enxeñeiro técnico en topografía, auxiliar técnico en topografía e delineante. En todo caso, entre as funcións previstas no posto que desempeña o alegante, enxeñeiro técnico en topografía, figura no catálogo en vigor a seguinte: “Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro de ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia”, que ampararía por se mesma a atribución ao posto das tarefas cuxa inclusión no catálogo de funcións se propón desde o Servizo de Vías e Obras.



As diferencias entre as funcións atribuídas polo catálogo de funcións aprobado polo Pleno corporativo aos postos de técnico de deportes e técnico de cultura explican a diferente gradación nos factores empregados para a determinación do complemento específico de que foron obxecto un e outro posto no seu momento. Non habendo variado as circunstancias en atención as cales se levou a cabo a valoración destes postos non pode atenderse a pretensión de S.H.L. de equiparación dos seus complementos específicos.

E o mesmo argumento debe esgrimirse fronte a pretensión de M.G.N. de equiparación do complemento específico dos postos de condutor co dos condutores de presidencia, dándose ademais a circunstancia no caso dos condutores de dispoñer dunha distribución da súa xornada de traballo propia e exclusiva destes postos.

Polo que se refire as alegacións de J.M.L. procede indicar que como Administración pública de carácter territorial corresponde á provincia a potestade de autoorganización, entendida como conxunto de facultades que ostenta para organizar a súa estrutura na procura dunha maior eficacia na actividade administrativa. Segundo o disposto no artigo 5.2 da Lei 40/2015 “Corresponde a cada Administración Pública delimitar, en su respectivo ámbito competencial, las unidades administrativas que configuran los órganos administrativos propios de las especialidades derivadas de su organización”. A doutrina xurisprudencial ratifica o amplo marxe de discrecionalidade atribuído á Administración no exercicio da potestade organizativa, sen mais límites que o respecto á legalidade e a submisión a satisfacción do interese público.

A proposta de integración da Sección da Organización da Prevención de Riscos Laborais no Servizo de Recursos Humanos busca unha maior coordinación na tramitación de expedientes nos que interveñen ambas unidades, na procura precisamente dunha maior eficacia no actuar administrativo, e procede precisamente do órgano do que depende o Servizo de Organización, isto é, o deputado que ostenta por delegación da Presidencia as competencias nas materias propias do citado Servizo, polo que resulta totalmente carente de fundamento a alegación de que a proposta se adoptou “al margen de los cauces ordinarios”. Estamos pois ante unha proposta formulada polo titular do órgano con competencias que cumpre coa exixencia de especificación da causa como motivación tal como sinala o Tribunal Supremo (sentencia do 10 de marzo de 2003). E como tal cambio organizativo, e de acordo co disposto no artigo 74 do Estatuto Básico do Empregado Público (as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través das relacións de postos de traballo), se seguiu o procedemento previsto para a aprobación ou modificación da relación de postos de traballo na lexislación aplicable: a proposta elaborada polo unidade xestora foi obxecto de negociación na correspondente Mesa Xeral, tanto a Intervención provincial como o Secretario Xeral emitiron os seus preceptivos informes, o asunto foi ditaminado pola comisión informativa correspondente e elevada ó Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial, polo que as afirmacións de que se prescindiu do procedemento administrativo carecen de fundamento. O informe do 17 de novembro de 2025 emitido polo Servizo de Recursos Humanos non introduce un “nuevo tratamiento jurídico de la supresión de puestos”, como erroneamente afirma el alegante: en aras a unha maior seguridade xurídica dos afectados pola supresión de postos contida no informe proposta inicial, ademais do trámite de información pública se propón unha notificación persoal a cada un dos afectados, polo que o contido elevado a aprobación do órgano decisorio non varía con respecto o negociado en Mesa Xeral.

As referencias a un “proceso progresivo de deterioro organizativo del Servicio”, “apartamiento funcional silencioso”, “vaciamiento progresivo de funciones relevantes” que aparecen no escrito de J.M.L. dan lugar, no se caso, a outro tipo de actuacións ou



procedementos administrativos, alleos por completo á modificación organizativa que supón a adscrición dunha sección dun servizo a outro e que ven motivada, como xa se indicou en repetidas ocasións, por unha pretensión de mellora no funcionamento da organización.

Que a unidade de riscos laborais forme parte do Servizo de Recursos Humanos nunha administración pública pode cualificarse como habitual. Como xa se indicou anteriormente, o Decreto 151/2022, cando regula as áreas funcionais, como grupo de función, actividades e procedementos de traballo, establece, entre outras, a área funcional de Persoal, que se corresponde cos postos de traballo con funcións de tramitación de nóminas, Seguridade Social, xestión de persoal e riscos laborais. De feito nesta administración e ata o ano 2014 tanto o posto de técnico de prevención de riscos laborais como o de ATS/DUE de empresa estiveron integrados no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, e debe terse presente que no organigrama do ano 2014 o Servizo de Organización formaba parte da Área de Persoal e Organización, cuxo director era precisamente o agora alegante. E a mesma situación nos atopamos no concello de A Coruña, no concello de Vigo, na Deputación de Ourense, na Deputación de Barcelona... No acordo plenario do 27 de novembro de 2014, polo que se aproba inicialmente a relación de postos de traballo do ano 2015, se dispuso que “Considérase necesario na Área de Persoal e Organización, potenciar o servizo propio de prevención de riscos laborais, mediante a súa completa reorganización e reestruturación, converténdoo dunha simple unidade técnica nunha Sección administrativa”, sen que poda atoparse ningunha referencia a un funcionamento incorrecto da mesma que motivara a decisión do Pleno corporativo.

De conformidade co disposto no Regulamento dos Servizos de Prevención, o servizo de prevención propio constituirá unha unidade organizativa específica, condición que non se ve afectada polo cambio de adscrición aprobado polo Pleno corporativo. Debe recordarse que a independencia funcional do empregado competente na emisión dun informe non se ve afectada pola integración da Sección nun servizo ou outro, resultando garantida en todo caso. Nos atopamos ante un simple cambio organizativo de escasa transcendencia que non ten outra finalidade máis que a procura dunha mellora no funcionamento da organización provincial no que atinxe a certos procedementos relativos ó persoal empregado público, e non dende logo dunha “modificación estrutural de impacto en derechos profesionais y en el modelo preventivo vigente” resultando chamativa cando menos a afirmación do alegante no que cualifica de “neutral” (DRAE: que no participa de ninguna de las opciones en conflicto) ó Servizo de Organización, como se as restantes unidades da organización provincial tomaran parte nalgunha sorte de conflito do que, dende logo, non se ten constancia. En todo caso, os cambios de adscrición das unidades dentro da estrutura administrativa da organización provincial non son infrecuentes, e mesmo no presente expediente poden citarse, sen carácter exhaustivo, a adscrición da Sección de Promoción Económica ó Servizo de Desenvolvemento Territorial ou a adscrición do Servizo de Patrimonio e Contratación á Secretaría Xeral directamente.

Como xa se indicou anteriormente a adscrición da Sección non afecta a modalidade organizativa da prevención dos riscos, polo que non é necesaria a intervención do Comité de Seguridade e Saúde (artigo 39 da Lei 31/1995, de prevención de riesgos laborales).

No informe complementario asinado polo Xefe de sección - por ausencia por vacacións da xefa do Servizo - xa se sinala que non nos atopamos ante supostos de remoción o cese nun posto de traballo, dos previstos na letra a) do artigo 63 do Real Decreto 364/1995.

Non se comprende a cualificación de “desactualizadas” referida ás propostas formuladas polas diferentes unidades administrativas do organigrama provincial, que obviamente seguen a reflectir as necesidades das respectivas unidades, pois doutro xeito xa non



figurarían no expediente.

Resulta incluso alarmante, dadas as responsabilidades asumidas polo alegante como xefe de área de persoal e organización no seu momento e o feito de que o alegante, membro da Mesa Xeral de Negociación en representación da CSIF, non asistira a sesión do 7 de novembro no que se negociou precisamente a aprobación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama, a referencia contida no seu escrito de “efectivos momentos de negociación previos a las mesas formales”, parecendo indicar que en realidade as negociacións entre a administración e os sindicatos non se desenvolven no único ámbito no que son posibles as negociacións, isto é, as Mesas de Negociación, senón que tales “negociacións” puideran ter lugar en circunstancias que é mellor ignorar.

Posto que estamos ante un acto provisional e non definitivo non procede a solicitude da medida provisional instada polo alegante.

Tanto o escrito do alegante como a restante documentación forma parte do expediente ó que terán acceso os deputados provinciais con carácter previo á celebración da sesión plenaria na que se adopte o acordo correspondente.

Polo que se refire as alegacións formuladas polo representante sindical da Sección do CSIF na Deputación, debe indicarse que o informe do 17 de novembro de 2025 emitido polo Servizo de Recursos Humanos non introduce “una modificación sustantiva del contenido”. Se limita, en aras a unha maior seguridade xurídica dos afectados pola supresión de postos contida no informe proposta inicial, a propoñer a notificación a cada un dos afectados do acordo adoptado, ademais do trámite de información pública, polo que o contido elevado a aprobación do órgano decisorio non varía con respecto o negociado en Mesa Xeral.

Como xa se indicou anteriormente, a proposta de integración da Sección da Organización da Prevención de Riscos Laborais no Servizo de Recursos Humanos busca unha maior coordinación na tramitación de expedientes nos que interveñen ambas unidades, na procura precisamente dunha maior eficacia no actuar administrativo. De feito, ata o ano 2014 tanto o posto de técnico de prevención de riscos laborais como o de ATS/DUE de empresa estiveron integrados no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, e debe terse presente que no organigrama do ano 2014 o Servizo de Organización formaba parte da Área de Persoal e Organización. De acordo co disposto no artigo 74 do Estatuto Básico del Empleado Público as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través das relacións de postos de traballo, polo que seguiu o procedemento previsto para tal fin.

De conformidade co disposto no Regulamento dos Servizos de Prevención, o servizo de prevención propio constituirá unha unidade organizativa específica, condición que non se ve afectada polo cambio de adscrición aprobado polo Pleno corporativo. Debe recordarse que a independencia funcional do empregado competente na emisión dun informe non se ve afectada pola integración da Sección nun servizo ou outro, resultando garantida en todo caso.

A adscrición da Sección non afecta a modalidade organizativa da prevención dos riscos, polo que non é necesaria a intervención do Comité de Seguridade e Saúde (artigo 39 da Lei 31/1995, de prevención de riesgos laborales).

A supresión de postos permite a creación doutros sen que supoña incremento do cadro de persoal e mellorando a eficiencia no gasto público, ao tratarse de postos cun nivel de dificultade e responsabilidade superior aos amortizados, permitindo así a asunción de



novas funcións cun coste moi reducido fronte o que suporía a creación de postos de nova creación.

Os funcionarios afectados pola supresión de postos de traballo serán adscritos provisionalmente por Resolución da Presidencia da Corporación a outros postos sempre que reúnan os requisitos que estableza a relación de postos de traballo, sen que a través do acordo plenario de aprobación inicial resulte asignación de postos.

A motivación de cada unha das modificacións que afectan a postos ou prazas se conteñen nas propostas remitidas polas unidades administrativas e conformadas polos respectivos deputados con delegación.

As propostas presentadas polas diferentes unidades administrativas, que xustifican suficientemente as modificacións operadas na relación de postos de traballo e cadro de persoal, reflicten as súas necesidades de persoal na actualidade o que non exclúe, naturalmente, que ditas necesidades existan dende certo tempo e que razóns orzamentarias ou organizativas non permitiran atendelas ata agora.

Consecuentemente, se rexeitan as alegacións formuladas pola Sección sindical da CSIF na súa totalidade.

En relación cas alegacións do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos debe indicarse que, contrariamente a lo afirmado no seu escrito de alegacións, sé que existen postos de traballo no Servizo de Asistencia Técnica a Municipios que poidan ser cubertos por persoal funcionario coa titulación de enxeñeiro de camiños, canles e portos, en concreto tanto o posto de Xefatura de Servizo como os dous postos de Xefatura de Sección. En canto ós servizos que sexan requiridos polos concellos e que supoñan funcións propias da enxeñería civil se atenderán a través dos postos de enxeñeiros de camiños adscritos ó Servizo de Vías e Obras, de acordo coas funcións atribuídas aos citados postos polo Catálogo de funcións aprobado por Acordo plenario de 28/09/2018: asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia.

En canto as alegacións formuladas polo Colexio Territorial de secretarios, interventores e tesoureiros da Administración Local das provincias da Coruña e Pontevedra, estas teñen por obxecto determinar que o sistema de provisión por libre designación do posto en cuestión non se axusta ao réxime xurídico aplicable.

Respecto da alegación SEGUNDA, sinala que “a libre designación constitúe un sistema estritamente excepcional de aplicación restritiva, que só pode empregarse cando concorran circunstancias cualificadas ligadas ao carácter directivo do posto ou á súa especial responsabilidade, e sempre previa motivación reforzada, individualizada e material, conforme ao disposto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 45 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo”, engadindo que non pode fundamentarse en consideracións xenéricas.

O artigo 92 bis.6 da Lei 7/1985, de abril, reguladora das Bases do Réxime Local prevé:

«(...) Excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación, nos municipios incluídos no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto



Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como as Deputacións Provinciais, Áreas metropolitanas, Cabidos e Consellos Insulares e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, entre funcionarios da subescala e categoría correspondente. (...)».

Así mesmo, o artigo 45.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala en relación coa provisión por libre designación:

«1. Excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación nas Entidades Locais incluídas no apartado 6 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, entre funcionarios da subescala e categoría correspondente.

(...)

No expediente acreditarase a concorrencia das circunstancias excepcionais que xustifican a adopción deste sistema de provisión, en relación co contido do posto de traballo correspondente, o carácter directivo do mesmo, conforme a lexislación estatal do réxime local e a súa especial responsabilidade.

(...)»

De conformidade co anteriormente exposto, a memoria xustificativa da creación do posto reflicte a fundamentación da necesidade da creación do posto, a súa configuración e as circunstancias excepcionais ás que fai referencia o mencionado artigo 45, sendo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios unha competencia esencial e das principais que ten atribuídas a entidade provincial.

En canto a necesidade da creación do posto, reflicte a memoria:

«(...) O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que son competencias propias da Deputación, entre outras, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Na actualidade, a Deputación da Coruña esta a prestar esta asistencia dun xeito desagregado, na procura dunha maior especialización. Así, conta con dous servizos que teñen encomendada a asistencia económica e técnica a concellos, sen prexuízo das consultas que se formulan directamente a determinados servizos en materias como patrimonio, contratación ou persoal, e en especial o asesoramento e defensa xurídica, a través do servizo de Asesoría xurídica, ou o de contabilidade.

Non obstante, a pesares da vantaxe que supón en canto á especialización, non existe coordinación e unificación entre todos os servizos que prestan esta asistencia, tanto de xeito permanente como ocasional. Isto pode orixinar disfuncións como a formulación de criterios dispares, duplicidade de consultas en varios servizos ou mesmo a realización da mesma consulta de xeito reiterado por varios concellos.

Así pois, na procura dunha optimización de recursos nesta área de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica, considerase necesaria a creación dunha figura de carácter directivo que trala pertinente análise, elabore directrices e fixe criterios de aplicación común nos diferentes servizos.

Resulta precisa unha coordinación das materias de todas as áreas poñendo a disposición dos concellos a información que se vaia xerando, a través dun portal de FAQs, informes e procedementos tipo, etc...

Por outra banda, esta Deputación conta, na actualidade, con unha entidade adscrita dende a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración



Local, o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Asemade, trátase de que esta figura sirva para coordinar e unificar criterios de actuación no ámbito do Consorcio e a Deputación; así como noutros entes dependentes ou adscritos que se puideran crear.

Finalmente, servirá esta figura para asumir as relacións, desde o punto de vista técnico, entre a Deputación e outros organismos ou entidades coas que participen nas entidades ou organismos dependentes ou adscritos, sen prexuízo das propias que se dean dentro do propio ente.

Na actualidade, na Relación de postos de traballo da Deputación non existe ningún posto da subescala de Secretaría-Intervención. Considérase que, en atención ás funcións encomendadas o perfil que mais de adecúa é do de Secretaría Intervención.

A creación deste posto de traballo permitirá que por parte da Secretaria e Intervención xeral se lle poidan delegar funcións propias, que sexan acordes co perfil do mesmo.(...)»

Respecto da súa configuración, en especial da súa cualificación como de especial responsabilidade e confianza, e o seu carácter directivo, a memoria sinala que:

«(...) A especial responsabilidade derívase do feito de que as súas decisións inflúen de maneira substancial na toma de decisións, coa consecuente repercusión sobre a propia Administración e os Concellos aos que se lle presta o servizo de asistencia, así como, indirectamente, sobre a cidadanía, como destinataria dos servizos prestados por estes. Á súa vez, ten atribuídas funcións que implican un asesoramento cualificado á Presidencia da Deputación e do Consorcio, que require contar coa especial da devandita persoa, coa que ha de manterse un contacto profesional permanente, en orde á eficacia na execución das directrices e liñas da xestión das competencias en materia de asistencia económica, técnica e xurídica atribuídas á Deputación e das relacións de colaboración e cooperación tanto cos Concellos como coa Administración da Comunidade Autónoma e a do Estado.

Pero ademais do anterior, este posto de traballo implica a toma de decisións, a planificación, a organización e a coordinación, dentro da organización, dos recursos e actividades dentro do ámbito das súas competencias, e fora da organización, con outras administracións, empresas ou organizacións; características, todas elas, de perfil directivo. Isto fai que, ademais da especial dedicación, responsabilidade e confianza, se requira para o desempeño deste posto unha visión estratéxica e innovadora, con capacidade para ser flexible e a súa vez capaz de xestionar o cambio e as adversidades, con capacidade de comunicación, colaborador e con valores que permitan un bo proceso na toma de decisións orientadas a obter uns resultados eficientes nas funcións encomendadas. (...)»

De todo o anterior, e da análise das funcións do posto, cabe concluír que se atopa suficientemente acreditada a concorrencia das circunstancias excepcionais que xustifican a adopción deste sistema de provisión, en relación co contido do posto de traballo correspondente e o carácter directivo do mesmo, conforme a lexislación estatal do réxime local e a súa especial responsabilidade, tal e como sorprendentemente se recoñece e acepta na alegación CUARTA.

Na TERCEIRA, CUARTA, QUINTA e SEXTA das alegacións alúdese ao “afastamento do posto respecto das funcións propias e legalmente reservadas á subescala de Secretaría-Intervención” considerando que se “desborda e desnaturaliza o contido propio dun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional” e que “non concorren as



circunstancias excepcionais para a utilización dos sistema de libre designación”.

En relación con esta cuestión o artigo 6 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece:

«1. Son postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional os que teñan expresamente atribuída a responsabilidade administrativa das funcións enumeradas nos artigos anteriores, nos termos e condicións que se determinan neste real decreto.

2. A denominación e características esenciais dos postos de traballo quedarán reflectidas na relación de postos de traballo ou instrumento organizativo similar dos de cada Entidade Local, confeccionada conforme a normativa básica estatal.

3. O previsto no apartado anterior sobre as funcións públicas reservadas non impedirá a asignación aos postos de traballo desta escala funcional doutras funcións distintas ou complementarias, e dos distintos servizos da Entidade Local, compatibles coas propias do posto e adecuadas ao seu grupo e categoría profesional. Esta asignación de funcións efectuarase polo Presidente da Entidade Local, en uso das súas atribucións básicas, dando conta ao Pleno e deberá figurar na relación de postos de traballo da Entidade, ou instrumento organizativo similar.»

Pola súa banda, o artigo 15 do mesmo texto legal, dispón:

«1. As Entidades Locais poderán crear outros postos de traballo que teñan atribuídas funcións de colaboración inmediata e auxilio ás de Secretaría, Intervención e Tesourería. Estes postos de traballo estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e exercerán as súas funcións baixo a dependencia funcional e xerárquica do titular da Secretaría, Intervención ou Tesourería, respectivamente.

2. Aos citados postos de colaboración, corresponderanlles as funcións reservadas que, previa autorización do Alcalde ou Presidente da Corporación, sexanlles encomendadas polos titulares dos postos reservados de Secretaría, Intervención e Tesourería.

(...)

A clasificación destes postos corresponderá á Comunidade Autónoma, de acordo con os seguintes criterios:

(...)

b) Nas Entidades Locais cuxos postos de Secretaría e Intervención estean clasificados en clase 1.^a, os postos de colaboración ás funcións de secretaría poderán ser clasificados en 1.^a, 2.^a e 3.^a clase, e ser adscritos, respectivamente, ás subescalas de Secretaría, categoría superior, Secretaría, categoría de entrada e á subescala de Secretaría-Intervención. Os postos de colaboración ás funcións de intervención, poderán ser clasificados en 1.^a, 2.^a e 3.^a clase, e ser adscritos, respectivamente, ás subescalas de Intervención-Tesourería, categoría superior, Intervención-Tesourería, categoría de entrada e á subescala de Secretaría-Intervención.

(...)»

De acordo co anterior, o posto debe de estar reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional ao incluírse entre as súas funcións “calquera outra función que, por delegación da Intervención e Secretaría xeral, se lle asigne dentro do ámbito das súas competencias nos entes dependentes ou adscritos”. Na propia entidade existen outros



postos na área de Intervención que exercen as súas funcións por delegación e son reservados a habilitados nacionais.

Asemade, aos postos reservados poderánselle asignar outras funcións distintas ou complementarias, e dos distintos servizos da Entidade Local, compatibles coas propias do posto e adecuadas ao seu grupo e categoría profesional.

Atendendo ás funcións encomendadas de carácter directivo e de especial responsabilidade en materia de asesoramento xurídico, técnico e económico aos concellos e entidades dependentes, así como a posibilidade de delegación de funcións por Secretaría ou Intervención xeral, resulta que o perfil mais axeitado é o da subescala de Secretaría-Intervención, que ademais non existe ningún posto na entidade.

Así pois, a configuración do posto responde a natureza das funcións propias, atribuíndoselle outras funcións de coordinación, planificación, organización e xestión, ou interlocución con outras Administracións. Funcións estas de marcado carácter directivo que, como xa se sinalou, acreditan as circunstancias excepcionais para o establecemento como sistema de provisión da libre designación.

Para rematar, compre destacar que xa existen postos de Secretaría-Intervención con funcións directivas cuxo sistema de provisión é a libre designación, como os convocados pola Comunidade de Madrid mediante "Resolución de 8 de abril de 2022, de la Dirección General de Reequilibrio Territorial, sobre la convocatoria, por libre designación, de los puestos de trabajo de la Subdirección General de Asistencia a Municipios, de la Dirección General de Reequilibrio Territorial, Consejería de Administración Local y Digitalización, reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional". (B.O.C.M. núm. 100 de 28.04.2022)

Finalmente, na alegación SÉTIMA. Conclusión solicítase:

«(...)

Se deixe sen efecto a determinación do sistema de provisión por libre designación do posto Secretario-Interventor de asistencia a concello e entes dependentes provinciais.

Se estableza como sistema de provisión o concurso, conforme ao réxime ordinario legalmente previsto.

Se adopten cantas actuacións resulten necesarias para garantir o respecto ao principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e ao correcto deseño das funcións reservadas á habilitación de carácter nacional.

(...)»

A potestade de autoorganización é a facultade que teñen as Administracións Públicas, incluídas as locais, para organizar os seus propios servizos e estrutura interna de forma autónoma, creando, modificando ou extinguindo órganos e atribuíndo competencias.

Permite aos entes locais xestionar os seus recursos humanos e materiais da maneira máis adecuada para cumprir os seus fins.

En relación coa Relación de Postos de Traballo a elaboración e aprobación da Relación de Postos de Traballo é un exercicio desta potestade, xa con ela descríbese o perfil e a provisión de cada posto de traballo, segundo a xurisprudencia.

Determina a estrutura dos postos, as súas funcións e o modo de provisión, sempre co fin de



optimizar o servizo público.

Resulta certamente incoherente que, nas alegacións, se insista reiteradamente na desnaturalización do posto (alegación TERCEIRA), insinuando que non se trataría dun posto reservado, para concluír, nesta alegación SEXTA, solicitando que se estableza como sistema de provisión o concurso, á vez que ven a recoñecer a existencia de circunstancias excepcionais.

Para rematar trata de impoñer una configuración do posto que non resolve as necesidades da entidade, que xa foron postas de manifesto, e por tanto, tratando de incidir, claramente, na capacidade de autoorganización da entidade.

En consideración a todo o exposto desestímanse as alegacións formuladas polo Colexio Territorial de secretarios, interventores e tesoureiros da Administración Local das provincias da Coruña e Pontevedra.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia,

ACÓRDASE

1.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas fronte o acordo de aprobación inicial da relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama 2026.

2.- Aprobar definitivamente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama 2026.

Remítirase copia do cadro de persoal e da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación íntegra no BOP.”

13.- Dación de conta das resolucións da presidencia número 59154/2025 e 59286/2025, relativas ao persoal eventual.

Dase conta das resolucións da presidencia número 59154/2025, do 12 de decembro de 2025 e 59286/2025, do 15 de decembro de 2025, relativas a nomeamentos de persoal eventual.

14.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027, do Programa FO208 de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Primeiro.- Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa FO208_Subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática, proposta polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

Segundo.- Incluír no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:

FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática
Código identificativo	FO208
Área	Dereitos civís
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Competencia desenvolvida	Cultura e dereitos civís
Custo previsible	150.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Dereitos civís
Fontes de financiamento	Propia
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións, Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Dereitos civís
Obxectivo xeral	Dereitos civís
Obxectivo específico	Apoio aos concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática segundo a Lei 20/2022
Beneficiarios	Concellos da provincia



Indicadores de seguimento	Nº de concellos solicitantes Importe medio da achega Nº de actividades realizadas Nº de persoas participantes
----------------------------------	--

OBXECTIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 02	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero.					
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.05	FO208	Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simbología franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos da recuperación memoria democrática	Convocatoria pública/ Concorrenza	Concellos da provincia	150.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO					
05	Proporcionar asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos comunitarios.					

15.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 de varias convocatorias de premios de Deportes.

(A Sra. Veira González abandona o Salón de Plenos).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputada (BNG - En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

“**Primeiro.-** Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da

**RPT-6654235



Coruña 2025/2027 das convocatorias de premios propostas polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Deportes:

- 1.-PREM – CCP _ XII Premios Circuito de Carreiras Populares Deputación da Coruña
- 2.-PREM - CVV _ III Premios Carreira Deputación da Coruña Camiños da Vía Verde
- 3.-PREM - 10MP _ Premios Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos
- 4.-PREM – BBD _ Premios Copa Deputación da Coruña de Bailes Latinos e Danza Coreográfica
- 5.-PREM – B3 _ Premios Circuíto Deputación da Coruña de Baloncesto 3X3
- 6.- PREM - BATEL _ Premios Bandeira Deputación da Coruña de Bateis

Segundo.- Incluir no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	XII Premios Circuíto Carreiras Populares Deputación da Coruña
Código identificativo	PREM - CCP
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	Premios: 9.600,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da competición
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Competición deportiva dirixida a fomentar a práctica do atletismo na provincia de A Coruña.
Destinatarios	Persoas físicas integradas nas categorías deportivas establecidas nas bases que rexen a dita convocatoria
Indicadores de seguimento	Nº de participantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 08	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde
OBXECTIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO



OPERATIVO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.40	PREM - CCP	XII Premios Circuito Carreiras Populares Deputación da Coruña	Premio	9.600,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO		CONCEPTO			
40		Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social			

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	Premios III Carreira Deputación da Coruña Camiños da Vía verde
Código identificativo	PREM - CVV
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	Premios: 600,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da competición
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Competición deportiva dirixida a fomentar a práctica do atletismo e o sendeirismo en espazos e recursos naturais da provincia
Destinatarios	Clubs de atletismo, centros escolares e poboación en xeral segundo os requisitos establecidos nas bases reguladoras
Indicadores de seguimento	Nº de clubs, centros e persoas participantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 08	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde
OBXECTIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO



OPERATIVO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA COMPETENCIA DE
O.40	PREM - CVV	Premios III Carreira Deputación da Coruña Camiños da Vía verde	Premio	600,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO		CONCEPTO			
40		Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social			

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	Premios Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos
Código identificativo	PREM - 10MP
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	Premios: 10.000,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da competición
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Competición deportiva dirixida a fomentar a práctica do atletismo en espazos abertos e recursos naturais da provincia
Destinatarios	Clubs de atletismo, centros escolares e poboación en xeral segundo os requisitos establecidos nas bases reguladoras
Indicadores de seguimento	Nº de clubs, centros e persoas participantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 08	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde
-----------------------------	--



OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO				
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.40	PREM 10MP	Premios Proba Deputación da Coruña Os dez mil peregrinos	Premio	10.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO				
40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social				

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	Premios Copa Deputación da Coruña de Bailes Latinos e Danza Coreográfica
Código identificativo	PREM - BBD
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	Premios: 6.000,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da competición
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Competición deportiva dirixida a recoñecer, impulsar e promover a práctica deportiva de baile deportivo nas súas diferentes modalidades e categorías.
Destinatarios	Clubs e persoas segundo os requisitos establecidos nas bases reguladoras
Indicadores de seguimento	Nº de clubs e persoas participantes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:



Obxectivo estratéxico 08		Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO				
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.40	PREM BBD	Premios Copa Deputación da Coruña de Bailes Latinos e Danza Coreográfica	Premio	6.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO		CONCEPTO			
40		Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social			

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	Premios Circuito Deputación da Coruña de Baloncesto 3x3
Código identificativo	PREM - B3
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	Premios: 1.800,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da competición
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Competición deportiva dirixida a Incentivar o deporte federado en idades temperás como vertebrador e garante dunha práctica segura e de calidade ao tempo de promover a práctica de deporte en espazos abertos e públicos.
Destinatarios	Clubs e nenas/nenos en xeral segundo os requisitos establecidos nas bases reguladoras
Indicadores de seguimento	Nº de clubs e persoas participantes

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:**

Obxectivo estratéxico 08		Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde				
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA COMPETENCIA	DE
O.40	PREM - B3	Premios Circuito Deputación da Coruña de Baloncesto 3x3	Premio	1.800,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes	Sección de Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO		CONCEPTO				
40		Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social				

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	Premios Bandeira Deputación da Coruña de Bateis
Código identificativo	PREM - BATEL
Área	Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
Competencia desenvolvida	Deportes
Custe previsible	Premios: 12.000,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción e fomento do deporte
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da competición
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Práctica deportiva
Obxectivo xeral	Promoción e difusión do deporte
Obxectivo específico	Competición deportiva dirixida a fomentar e promover a práctica deportiva de remo en categorías de base e na modalidade de bateis ao tempo de promover a practica de deporte en espazos abertos e públicos.
Destinatarios	Clubs e poboación en xeral segundo os requisitos establecidos nas bases reguladoras
Indicadores de seguimento	Nº de clubs e persoas participantes

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO E OPERATIVO:**

Obxectivo estratéxico 08		Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO				
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.40	PREM BATEL -	Premios Bandeira Deputación da Coruña de Bateis	Premio	12.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Deportes
OBXECTIVO OPERATIVO	CONCEPTO				
40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social				

16.- Aprobación do proxecto da obra mellora do firme con MBQ na DP 7804 Val do Dubra a Santiago, PQ 19+000 ao 22+760 (Santiago de Compostela)**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto Mellora do firme con MBQ na DP 7804 Val do Dubra a Santiago PQ 19+000 ao 22+760 (Santiago de Compostela) que se integra no Plan de Vías Provinciais 2025 (VIPI 2025), cun orzamento total de 1.150.848,02 € con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900 que se detalla:

Código: 2025.1110.0013.0

Denominación: Mellora do firme con MBQ na DP 7804 Val do Dubra a Santiago PQ 19+000 ao 22+760

Concello: Santiago de Compostela

Orzamento: 1.150.848,02 €

Prazo de execución: Cinco meses

Clasificación: G 4 4

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto Mellora do firme con MBQ na DP 7804 Val do Dubra a Santiago PQ 19+000 ao 22+760 (Santiago de Compostela) mediante anuncio



a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”

17.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 3903 Adragonte a Vilamateo por Ambroa ,ampliación e mellora da seguridade vial PQ 4+640 a 6+490 (Irixoa e Vilarmaior)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar definitivamente o proxecto na DP 3903 ADRAGONTE A VILAMATEO POR AMBROA, AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+640 A 6+490 (IRIXOA E VILARMAIOR) que se integra no PLAN DE INVESTIMENTOS EN VIAS PROVINCIAIS 2022 cun orzamento total de 899.963,45 € con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900 que se detalla a continuación:

CÓDIGO 2022.1110.0006

DENOMINACIÓN DP 3903 ADRAGONTE A VILAMATEO POR AMBROA, AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+640 A 6+490 (IRIXOA E VILARMAIOR)

CONCELLO Irixoa e Vilarmaior

PRAZO DE EXECUCIÓN 6 MESES

CLASIFICACIÓN G 4 3

ORZAMENTO 899.963,45 €

2. Expoñer ao público o proxecto DP 3903 ADRAGONTE A VILAMATEO POR AMBROA, AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+640 A 6+490 (IRIXOA E VILARMAIOR) mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”

Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control. A primeira é unha moción presentada polo Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para o apoio xurídico e económico aos concellos na reclamación do financiamento da dependencia.



ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓN

1.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para o apoio xurídico e económico aos concellos na reclamación do financiamento da dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de asfixia financeira que padecen os concellos da provincia da Coruña debido ao exercicio de competencias delegadas pola Xunta de Galicia chegou a un punto de non retorno. O caso máis flagrante é o da Dependencia e o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Mentres a Xunta de Galicia ostenta a competencia exclusiva en políticas sociais, son os concellos os que, na práctica, sosteñen o sistema. A administración autonómica limitábase a transferir unha contía por hora que non cobre, nin de lonxe, o custo real que os concellos pagan ás empresas prestadoras ou ao persoal propio.

Esta diferenza, que debería ser asumida ao 100 % pola Xunta, está a ser cuberta con fondos municipais, o que supón un detraemento de recursos para obras, cultura, deportes e servizos básicos locais.

Recentemente, o acordo asinado entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia non fixo máis que oficializar unha inxustiza. Ese convenio que establece para o 2028 unha aportación da Xunta de Galicia de 18 euros/hora, non cubrirá o 100% do custo do SAF, que neste momento xa está en 24 euros/hora e que con toda seguridade se verá incrementado proximamente de forma considerable. Aceptar migallas mentres as arcas municipais se baleiran para exercer competencias autonómicas é un erro que non podemos permitirmos por máis tempo.

A Deputación da Coruña ten entre as súas funcións esenciais a asistencia técnica e económica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Ante a proposta de diversos concellos, liderados polo de Oleiros, de presentar unha denuncia conxunta contra a Xunta de Galicia para esixir o cumprimento íntegro do financiamento da Lei de Dependencia, esta Deputación non pode poñerse de perfil.

É necesario que esta institución provincial actúe como escudo dos concellos fronte aos abusos da administración autonómica, asumindo o liderado e o custo dunha batalla xudicial que é de xustiza para todos os veciños e veciñas da provincia.

Polo exposto, o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata o financiamento do SAF ata acadar o 100 % do custo real do servizo, liberando aos concellos de realizar achegas económicas por competencias que non lles son propias.
- 2.- Crear unha oficina de asesoramento técnico-xurídico no seo da Deputación para coordinar aos concellos interesados nesta acción xudicial, recollendo os datos de infrafinanciamento de cada municipio para dar solidez á demanda; así como que a Deputación da Coruña asuma a asistencia xurídica e os gastos derivados de presentar e tramitar a denuncia conxunta dos concellos da provincia contra a Xunta de Galicia pola falta de financiamento da Dependencia.
- 3.- Notificar este acordo a todos os concellos da provincia da Coruña, á Xunta de Galicia e á



FEGAMP.

(A Sra. Veira González entra no Salón de Plenos).

(O Sr. Lorenzo Torres abandona o Salón de Plenos).

Sr. García Soane

Esta moción que presento vén dada polo que acaba de acontecer desde a Federación de Municipios, onde se firma un acordo co Goberno da Xunta de Galicia en relación ao mantemento dos servizos sociais nos concellos de Oleiros que supostamente paga a Xunta de Galicia, e unha parte tamén o Estado, pero que unha parte importante a pagan os concellos, e que non temos nada que pagar nese aspecto. Os concellos non podemos suplir aquela Administración que ten as competencias plenas para prestar un servizo. Un servizo que, ademais, nestes momentos así como houbo un tempo en que sobra xente para traballar nos servizos sociais, principalmente inmigrantes, pois xa nin os inmigrantes queren traballar neste tema. Porque é un traballo moi duro, é un traballo arduo, é un traballo mal pagado, que está contando cun montón de problemas cando se vai facer a asistencia a domicilio a persoas. E logo por outro lado tamén un descontento xeral porque non se está a pagar o que vale ese traballo. Estase a pagar por hora 24 euros, onde 16 os paga a Xunta e o resto págano os concellos. Os concellos non son quen para pagar ese diñeiro, e un concello como o meu non ten ningún problema para afrontar, se fora o caso, e é o caso, eses cartos, pero non teño por que pagalo. Pero que lle queda a un concello con mil habitantes, con mil seiscientos habitantes, con dous mil, que son a maior parte dos concellos de Galicia e da provincia da Coruña? Pois que non teñen cartos nin para pagarlles aos funcionarios deles e, en cambio, teñen que estar suplindo a Xunta de Galicia nestes gastos.

Esta foi a razón principal e que, ademais, vimos soportando, non este servizo, moitos servizos que teñen que facer, neste caso, a Administración autonómica e que, pouco a pouco, se nos van minando as arcas municipais, sacándonos os recursos que temos que ter para atender as nosas obrigas, pois non as podemos abordar moitas veces, e outras, ademais, dáse a circunstancia de que aqueles que non somos da corda, pois hai a quen lle compensan por outro lado, pero os que non somos da corda non hai nada que compensar.

Por tanto, estimei oportuno presentar esta... Eu falei con varios concellos da provincia antes de tomar esta decisión e todos me dicían o mesmo, dun signo ou doutro, tanto dá que estea gobernado polo Partido Popular, como polo PSOE, como polo BNG, por Independentes, todos me dicían máis ou menos o mesmo, con matices. Foi o que me animou a traer esta moción, na que se pide que sexa a Xunta de Galicia a que pague o 100% do servizo, e non os concellos, que a Fegamp neste caso, na miña opinión, se debía ter absterido de tomar ningunha decisión, dicir un euro para este ano, un euro para o que vén, 27, e un euro para o 28. Cando chegue o 28, con 18 euros, estará a paga desa hora cerca dos 30 euros tranquilamente. Porque ninguén quere traballar. Ninguén quere traballar en traballos de risco e, por tanto, non están por traballar nese aspecto. E non se pode tomar un acordo deste tipo representando os concellos.

Eu lamento que desde a Fegamp se faga isto. Eu denunciéi moitas veces na Fegamp moitas cousas, non me fan puñeteiro caso, pero tamén sei o que teño que facer en cada momento para que se me faga caso. Por tanto, debatida está... ben, debatida, comentada na Comisión de Portavoces, presentou o BNG unha addenda, que eu estou totalmente de acordo con ela, onde se modifica a parte final. Di "Instar a Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata o financiamento do SAF ata acadar o 100% do custo real do servizo, liberando os concellos de realizar achegas económicas por competencias que non



lles son propias". Isto diciamos nós na moción. E tamén diciamos crear unha oficina de asesoramento técnico-xurídico. Neste caso, o BNG, o Partido Socialista tamén na mesma liña, presentan unha modificación que nós estamos de acordo con ela. Piden tamén incrementar un apartado máis, que sería solicitar da Xunta de Galicia que impulse un novo modelo público de coidados coa creación dun instrumento de benestar social que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado no que se poñan as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao Sergas, máis para os servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente todas as persoas. Ese tamén non temos ningún problema en engadir este punto, substitúese o segundo, e créase un punto novo a engadirle, que é o último que levaba na moción, que queda como estaba, que é dirixirse a outras administracións e aos concellos para informalos deste acordo que estamos tomando.

Ese é o espírito desta moción, que é na defensa dos intereses dos concellos e das persoas que residen nos nosos concellos para que non haxa un quebranto a curto prazo dun servizo tan esencial para a nosa poboación, unha poboación avellentada principalmente no interior de Galicia, e que, se non tomamos medidas, vai chegar un momento en que vai facer *crack*. E iso é o que pretendemos que non sexa.

Sra. Veira González

Ben, grazas.

Nós, desde o BNG imos votar a favor, loxicamente, desta moción que agora xa comentaba o voceiro de Alternativa dos Veciños que queda modificada coas nosas propostas. En todo caso, consideramos acaído traer este tema a debate neste Pleno da Deputación, porque o que está claro é que os concellos están a sufrir a falta de financiamento pola cuestión de ter que xestionar o Servizo de Axuda no Fogar. O que está claro é que a Xunta de Galiza, o que ten é os concellos, as persoas dependentes, tamén o persoal que traballa no Servizo de Axuda no Fogar e tamén as traballadoras e traballadores sociais absolutamente ao límite con este asunto. Os concellos non poden máis, as arcas municipais non poden máis, as dependentes tampouco poden máis, porque realmente é absolutamente complicadísimo e case imposíbel que reciban a atención que merecen e, despois, o persoal, por suposto, as mulleres que traballan no Servizo de Axuda no Fogar. E aquí quero lembrarme de Teresa de Jesús, que morreu asasinada este verán e que fixo que moitas persoas se desen conta das condicións nas que traballan as mulleres que están a prestar este servizo.

E, por suposto, as traballadoras sociais que están a soste, a coordinar e, moitas veces, a levar a cabo valoracións en situacións realmente complicadas, cunha carga de traballo case imposíbel tamén de xestionar. E cal é a resposta da Xunta de Galiza diante de toda esta situación e de todos estes colectivos afectados pola súa pésima xestión do Servizo da Axuda no Fogar? A resposta é, primeiro, coma sempre, culpar o Goberno do Estado. Culpar o Goberno do Estado, como, ademais, se retratan perfectamente na emenda que presentaron na que, efectivamente, sinalan a Madrid por responsabilidades que teñen vostedes e que tiveron vostedes, ademais, previamente ao Goberno actual. Porque vostedes, o Partido Popular, cando desde o BNG xa reclamabamos o que vostedes reclaman agora, vostedes votaban en contra no Parlamento de Galiza. Están aí as sesións do Parlamento galego para consultarse, os diarios de sesións están para consultarse. Vostedes, cando o señor Mariano Rajoy recortou en dependencia, estaban calados, cando se conxelaron as prestacións, estaban calados. Polo tanto, o Partido Popular aquí sinalando a Madrid o que está facendo é un exercicio de absoluta hipocrisía. Pero é que ademais non só sinala a Madrid, senón que no que son as súas competencias de fixar o prezo por hora, o



que lle ofrece ás galegas e aos galegos, o que lles ofrece aos concellos, o que lles ofrece aos usuarios e ao persoal do Servizo de Axuda no Fogar é unha suba absolutamente pírrica e insultante para os concellos e para os gobernos municipais, porque en realidade é unha suba que non soluciona absolutamente nada. E nós cremos desde o BNG que xa vale, que abonda xa desta tomadura de pelo. Por iso votamos en contra no seo da Fegamp deste acordo, porque nós non cremos que isto solucione absolutamente nada.

E que propón o BNG?, incrementar o financiamento até que se cumpra o que ten que facer a Xunta de Galiza, que é garantir e cubrir a totalidade do custo do servizo e, tamén, por suposto, propoñemos unha alternativa, porque cremos que o Servizo de Axuda no Fogar é unha pequena parte da atención á dependencia, pero que hai que dar unha solución integral aos coidados e á atención aos dependentes e ás dependentes. Non é só o Servizo de Axuda no Fogar que ten que ser efectivamente un servizo que sexa pois, o primeiro, o primeiro en atender a xente nas casas, pero a dependencia é moito máis, é atendela nas residencias, é atendela nos centros de día, etc., etc. Son as valoracións, son moitas máis cousas, son as condicións laborais nas que as mulleres fundamentalmente prestan todos estes servizos. E nós cremos que hai unha alternativa, que é a creación desa especie de Sergas, pero de coidados a nivel galego. Esa sería tamén outra das patas da solución que nós cremos que ten que ter, que é global, porque nós o que temos que atender é, efectivamente, a situación que teñen os concellos, pero tamén a situación diaria das galegas e dos galegos dependentes, pero tamén traballadoras deste sector.

Nós, simplemente por comentar, nós o que cremos que pode facer a Deputación neste sentido é axudar aos concellos a elaborar ese informe xurídico para ver se é viábel esa demanda, ese recurso xudicial, porque aí o que está claro é que a Xunta de Galiza lles atribúe unha competencia de xestión do Servizo de Axuda no Fogar aos concellos, pero non acompaña do financiamento suficiente, que é o que sinala a Lei de administración local de Galiza. Polo tanto, aí hai unha vía que hai que estudar e que, desde logo, hai que dar a batalla política, pero tamén colaborar cos concellos para dar unha batalla xurídica se finalmente se considera que isto é viábel. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Antes de nada, quixera saudar, en nome do Goberno, os representantes do Comité de Empresa de Losán que hoxe nos acompañan aquí. Loxicamente, tamén facelo en nome de todos os grupos que subscribimos esa declaración institucional e, loxicamente, manifestar novamente o apoio e o respaldo de toda esta Corporación provincial ás súas xustas reivindicacións.

Sobre o tema que nos ocupa e que xa levamos falado longo e tendido neste salón de plenos, eu polo menos en dez anos que levo aquí, xa lembro moitas mocións deste tipo, todas coa mesma reivindicación e desgraciadamente todas reiterativas, porque seguimos na mesma situación en que estabamos hai dez anos; incluso peor, porque desgraciadamente todo é susceptible de empeorar sempre. Xa adianto que imos votar a favor desta moción, coa alegación que se incorporou e que foi aceptada polo grupo propoñente. Simplemente, hai unha serie de cuestións que quixera comentar. A primeira delas, matizar por que se dá o acordo da Fegamp. O acordo da Fegamp non quere dicir que se estea renunciando ao aceptar ese acordo para chegar a eses 16 euros a seguir exixindo que a Xunta de Galicia e o Estado cumpran coa súa obriga, que é a de financiar integramente un servizo cuxa prestación en exclusiva é de carácter municipal, pero non o seu financiamento. Polo tanto, que cumpra coa súa obriga, como facemos os concellos, que temos que cumprir sempre con moitas das obrigas que se nos impoñen por parte das administracións de rango superior.



Cal é o posicionamento da Fegamp e por que se acepta ese acordo? Porque hai concellos que están nunha situación xa total e absolutamente límite. Hai concellos que están dedicando todo o seu capítulo de gasto, con recursos propios, a sufragar o Servizo de Atención a Dependentes, integramente, sen ter nin un céntimo máis para afrontar ningún tipo de gasto a maiores a excepción daqueles recursos que poidan chegar grazas en gran medida ao Plan único desta Deputación e que lles permite dedicar recursos a gasto corrente ou para financiar obras e servizos. Se non, estarían adicados única e exclusivamente a financiar, como digo, o Servizo de Atención aos Dependentes. Foron alcaldes e alcaldesas, polo que me comentaba onte a vicepresidenta da Fegamp, os que chamaron á Fegamp para solicitar que se aceptase ese acordo porque necesitan xa recursos, porque, se non, van entrar nunha situación de quebra técnica porque non van poder sufragar os custos derivados deste.

E estamos a falar de atención a dependentes. Este non é un servizo que poidamos deixar de prestar e que xera algún tipo de molestia. Estamos a falar de persoas que teñen doenzas, que teñen necesidades dos coidados e que, en gran medida, as súas vidas e a súa saúde depende dos mesmos. Polo tanto, eu entendo, loxicamente, que se aceptara ese acordo. Pero en ningún momento a Fegamp renunciou a exixirlle á Xunta de Galicia aquilo que levamos demandando dende os municipios xa hai moitos anos, e é que cumpra coa súa obriga de financiar integramente e de transferirnos aos concellos os recursos necesarios para sufragar os gastos deste servizo.

Hai 10 anos pagábase a hora a 12 euros, 12 euros, 12,50. Entre a Xunta e o Estado achegábanos 9,70 euros. Os concellos estabamos asumindo aproximadamente dous euros e pico de custo por hora deste servizo. A día de hoxe, é un servizo que se está adxudicando entre 22, 23, 24 euros/hora e só se nos dan 12 e máis incluso, desgraciadamente, algúns, dime Carlos Calvelo, do Partido Popular. Polo tanto, estamos asumindo os concellos, no mellor dos casos, o 50% do custo deste servizo, 12 euros/hora.

Para poñer un dato e facernos unha idea da magnitude disto, nun concello como o meu, que ten 46.000 horas concedidas, pois hai que multiplicar 46.000 horas por 12 para saber cantos recursos ten que detraer o meu concello e, como o meu, na mesma porcentaxe, incluso superior algúns dos concellos que están aquí sentados de todo color, para detraer dos seus recursos propios, é dicir, daquilo que é a nosa competencia, daquilo que temos que pagar nós, para pagar o que ten que pagar outra Administración, que neste caso é a Xunta Galicia, a quen o Estado lle transfere uns fondos e o Estado nolos ten que transferir a nós. A verdade é que a Xunta di que hai unha débeda do Estado, que se non sei cantos millóns; ben, pois se iso é así, o que ten que facer é ir ao xulgado e reclamarla ao Goberno do Estado, é unha débeda xa que, en principio, polos datos que se manexan, de ser certa, xa vén da época incluso do Goberno de Mariano Rajoy, onde estivo conxelada a achega do Estado para a dependencia e, polo tanto, ten un mecanismo que está á súa disposición para poder reclamar eses recursos no caso de que sexa así.

Pero tamén hai cuestións que nos fan desconfiar. Nos últimos anos vimos como houbo un incremento da achega do Estado para sufragar este servizo e como, a pesar do incremento que facía o Estado, a Xunta reducía a súa achega. Uns recursos que, ademais, na nosa opinión, hai un erro por parte do Estado que é non facelos finalistas. Transfírenos para dependencia cartos á Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia gástalos no que quere, non os gasta integramente en sufragarnos aos concellos, en transferirnos os fondos que ten que transferir de forma obrigada polo marco legal que nos preside, senón que outros os collen e os utilizan para sufragar residencias de maiores, etc. Casualmente, case sempre esas residencias caen en concellos do Partido Popular, os demais non temos esa sorte. Polo tanto, hai unha utilización partidista e caciquil deses recursos, como digo, pois en detrimento



da economía de moitos concellos que están nunha situación límite.

Polo tanto, vai sendo hora xa de que abandonemos o partidismo e a defensa da sigla, aínda que, repito, sigo sen ser optimista fronte ao posicionamento do Partido Popular ao respecto desta moción, levo aquí dez anos e nunca os vin votar a favor de ningunha moción como esta, que hoxe se presenta, que non é a primeira, pero, ben, imos seguir sendo optimistas, aínda que non son en exceso. Pero, en todo caso, esta é unha cuestión que nos afecta, como ben dicía antes Gelo, a todos os concellos, a todos, absolutamente a todos. É verdade que os do Partido Popular hai que dicir que despois a Xunta por detrás tamén os financia con outras cousas que ao resto non e polo tanto, ben, pois poden compensar un pouco. Pero, aínda así, non poden compensar totalmente. E con algúns dos que estades aquí sentados e con outros alcaldes e alcaldesas do Partido Popular cos que teño falado, comparten ao 100% a reflexión que estamos a facer. En privado, comparten todos, todos. Porque todos, ao final, teñen que facer o mesmo que os demais, que é quitar recursos propios para pagar algo que tería que pagar a Xunta de Galicia.

Polo tanto, espero altura de miras por parte de todos os grupos desta Corporación, dalgúns xa sei que non vai haber ningunha dúbida, porque xa se manifestaron e, polo tanto, van apoiar esta moción e, polo que resta por falar, espero que me concedan hoxe esta grata sorpresa que sería poder escoitar que van votar a favor xa non da moción, senón a favor do municipalismo. Isto transcende as siglas, isto é unha cuestión de defender os concellos, defender o municipalismo, que é o piar sobre o que se sustenta en gran medida o sistema administrativo deste país. Porque somos os que atendemos os cidadáns en primeira instancia para o que é da nosa competencia e incluso para o que non é da competencia dos concellos e moitas veces incluso para cuestións de carácter persoal. Por tanto, temos un sistema de financiamento que é totalmente inxusto, que é ineficaz que, loxicamente, non cobre as necesidades que temos e que, neste caso, aínda enriba, se lle sumamos que se nos impoñen competencias impropias e, aínda por riba, non se nos transfiren os fondos necesarios para poder asumilas, loxicamente, imos acabar nunha situación de quebra económica, como xa digo, xa hai algúns que tecnicamente se atopan na mesma. Polo tanto, nós apoiamos esta moción que, loxicamente, facemos nos tamén con ese apoio e con esa reivindicación, esperando, como digo, que sexa aprobada por unanimidade desta Corporación.

En todo caso, suceda o que suceda por parte do grupo que queda aínda por intervir, é importante saber que vai saír aprobada, afortunadamente, porque os que estamos desta bancada a imos respaldar. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Pois moi bo día. Non me vou estender moito, porque certamente é un tema xa recorrente, que se tratou xa con moita frecuencia, porque tiña razón o portavoz do PSOE, que é un tema que preocupa moito os alcaldes, como é lóxico. Pero, recoñecendo isto, o que si sorprende é que sexa precisamente neste momento cando Alternativa dos Veciños traía esta moción. Sorprende porque fai só uns días que se chegou un acordo entre a Xunta e a Fegamp despois de meses de negociación e dunha negociación que non foi fácil, non?

E neste sentido, penso que é importante destacar varias cousas. En primeiro lugar, que hai que destacar que se chegou a un acordo, como dicía, despois dunha negociación complexa, e na que ambas as dúas partes tiveron que ceder, o que amosa a boa vontade das dúas partes e dos partidos que conforman neste caso, digamos, dunha parte a Fegamp, exceptuando o BNG, que está noutras cousas. De feito, tanto a conselleira de Política Social, dona Fabiola García, como o propio presidente da Fegamp, Alberto Varela, nestes



días, mostraron bastante satisfacción, polo menos o que podemos ler de declaracións súas.

En segundo lugar, hai que destacar que se trata dunha suba bastante considerable. Vaise pasar de 12 euros a hora, neste momento, que está neste momento, a 18 euros en 2028. Se vemos todo, digamos, o arco temporal desde 2021, vemos que practicamente se duplica a achega ao SAF. Por certo, aquí hai unha cuestión do BNG que sorprende un pouco, porque case non sabemos a cantidade que pedía, porque en poucos meses pasaron de pedir 24 a 17 e nas últimas mocións que eu teño visto por aí, pois 20, non? Como digo, eu penso que é unha subida evidentemente que nunca é perfecta, pero que é unha subida considerable e que hai que recoñecer o esforzo, non?

Dicía alguén que en 2028 ao mellor o prezo cambia. Eu supoño que a Xunta e a Fegamp terán que seguir dialogando e, se hai que cambiar, no seu momento buscarán formas de subir outra vez.

Significa isto que nos conformamos? Evidentemente non. E por iso, en terceiro lugar, quero referirme a un punto que tamén é importante, do que na moción non se fai referencia, o señor Bernardo dixo algo sobre isto. Non sei se é culpar ou non é culpar, e se vén de Mariano Rajoy, que é un contexto, ademais, distinto ou non, pero en calquera caso hai unha cuestión que é unha realidade. O SAF é de competencia municipal, así o estableceu a Lei de servizos sociais do bipartito, e o seu financiamento, como ben se dixo, tal como se establece na Lei de dependencia, debe ser compartida ao 50% entre comunidades autónomas e o Estado e un copago por parte dos usuarios. E aquí temos a anomalía. Dicía, non sei se é certo ou non é certo. É certo, é dicir, os datos manexámoslos e témolos; de feito, na achega á dependencia por parte do Estado manexamos cifras do propio Ministerio ou cifras do Imsero.

Neste ano pasado, a achega estatal a dependencia pasou do 40% ao 34,9%. Agora, a débeda parece que rolda os 2.900 millóns de euros, que é unha cantidade nada desdeñable. Cando falamos, e ás veces ten saído este tema da achega da Xunta, e falamos de 12 euros, agora falamos de 16 euros, é certo que dentro desa achega vai a parte que vén tamén do Estado. Neste momento, se facemos a conta dos 16 euros, o que vemos, aplicando as porcentaxes, é que a Xunta pon 10,4 euros e o Goberno de España 5,6 euros. Se o Goberno subira a parte que lle corresponde, estaríamos case en 21-22 euros que, sumado ao copago, estaríamos en 23 euros, ao mellor, que xa é unha cantidade bastante significativa.

Por tanto, eu creo que está ben pedir cousas á Xunta, incluso denunciála, pero tamén hai que ter en conta a outra parte; se denunciámos a Xunta, tamén a outra parte que non cumpre, que neste caso non está cumprindo dunha maneira moito máis clara que a propia Xunta.

De feito, hai poucos meses o Goberno firmou un acordo co País Vasco para darlle ese 50% que, non obstante, si lle nega a Galicia.

En último lugar, aquí hai unha cuestión que tampouco se pode deixar pasar por alto, porque remite ao problema do financiamento local e autonómico. E o que pedimos é que se revise tendo en conta as peculiaridades de cada territorio. Cando falamos de que se financia o 100% do SAF, claro, aquí xa se dixo, nalgúns concellos o 100% está 20 euros os menos xa, 22, 24, incluso 27, habería que saber cal é o 100%. E, por outro lado, tampouco podemos esquecer que o custo do SAF é en Galicia bastante máis elevado que noutras comunidades, precisamente pola súa peculiaridade de poboación e dispersión e demais. E isto remite ao problema do financiamento autonómica e local, que dubido que se poida



resolver na forma en que se está abordando nese momento.

Pola nosa banda, seguiremos pedindo, evidentemente, mellor financiamento dos concellos, como é a nosa obriga, pero tamén compromiso por parte de todas as administracións.

Antes de dar, digamos, a nosa proposta, eu creo que tamén é merecedor recoñecer o esforzo, neste sentido, tanto do presidente da Fegamp e de toda a Fegamp, como da Consellería de Política Social por este acordo que, con todos os seus límites, sen dúbida contribúe a ir avanzando nesa sostibilidade económica tan necesaria dos concellos.

Nós non podemos aceptar os puntos que aparecen na moción e, por iso, presentamos unha posible emenda que, en caso de non aceptaren, votaríamos en contra. A nosa emenda consta de tres puntos.

O primeiro é instar o Goberno de España a que cumpra co establecido na Lei de dependencia e asuma o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo o reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as comunidades autónomas.

O segundo punto é instar o Goberno Central a que aboe a débeda, de maneira inmediata, a débeda acumulada con Galicia, que neste momento ascende a 2.900 millóns de euros, permitindo fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa comunidade.

E, por último, instar o Goberno da Xunta de Galicia a seguir aumentando a dotación económica do SAF en acordo coa Fegamp como órgano que representa os concellos.

Moitas grazas e iso é todo por agora.

Sr. García Seoane

Eu non citei antes a emenda que presentaba o PP porque non ten nada que ver co tema que estamos a falar. O PP quería aproveitar a situación para incidir máis politicamente: Goberno de España, Goberno de España, Goberno de España.

O que é lamentable é que o Goberno de España estea intentando darlles ás comunidades autónomas miles de millóns e que as comunidades autónomas do PP boicoteen o Goberno de España e non reciban os miles de millóns. É algo inaudito, é algo increíble. Pero, ben, é a política que está usando o Partido Popular. Por tanto, como lle podía aceptar un cambio na proposta da forma en que o facían? Instar o Goberno central a que, de inmediata, 2.900 millóns permitindo... Bueno, isto teñen que pedirlo... Este non é este asunto de hoxe que lle dicía que lle sorprendía, dicía o portavoz do Partido Popular. Que lle sorprende que eu traia aquí unha moción para defender os intereses municipais, non do Concello de Oleiros, senón de todos os concellos de Galicia. E di que ten un aval moi grande, que é que o presidente da Fegamp, co que eu discrepei toda a miña vida, e seguirei discrepando, porque ás veces as presidencias se usan en beneficio propio, e digo en beneficio propio non da persoa, senón do concello de quenda, non? E, ben, pois, se ao mellor indagamos por aí, vemos que a Vilagarcía lle caeron algunhas béveras ultimamente, unha delas de 12 mil e pico millóns de euros. Claro, comprar vontades é unha marabilla, pero a min non me compra ni Dios. Comprar vontades é unha marabilla, pero hai moitas formas de facer que a xente sexa doméstica, non? E non hai que negociar. A este señor da Fegamp, ou outros que estean, ninguén os autorizou para negociar o innegociable, que os concellos sigamos pagando un diñeiro que non temos que pagar. E basta xa de estarnos



saqueando as arcas municipais. Non temos que pagar nós o que ten que pagar o Goberno da Xunta de Galicia con fondos tamén do Estado. E, se non recibe os fondos do Estado, alá eles, porque queren que caia o Goberno da nación o máis pronto posible. Oxalá non caia o Goberno da nación, oxalá non caia o Goberno da nación. Xa se verá co tempo, a pesar de todas as barbaries que se están cometendo co mesmo.

Por tanto, é lamentable este tipo de actuacións. E dicir que, ben, que nin de broma admitir este panfleto, porque é un panfleto, non ten nada que ver coa moción que presenteí.

(A Sra. García Gorostizu abandona o Salón de Plenos).

Sr. Presidente

Non sei se os grupos queren ter quenda de réplica, brevemente.

Sra. Veira González

Moi breve, porque o Partido Popular en reiteradas ocasións, en diversos foros e debates, reitera sempre que os concellos xestionan o SAF por derivada da Lei de servizos sociais do bipartito. Eu só teño unha cousa que dicirle ao Partido Popular: tiveron 17 anos para modificar esa lei se é que non están de acordo con ela. A Lei de servizos sociais de Galiza nace recén nada a Lei de dependencia e, polo tanto, non se deran todas estas situacións que se están dando desde que goberna o Partido Popular. Entón, se querían cambiala podían cambiar, incluso a través da Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galiza, que lles vale para modificar absolutamente todas as leis que lles dá a gana pola porta de atrás, ou podían facer unha modificación como Dios manda no Parlamento de Galiza, pero non o fixeron. Non o fixeron e seguiron acrecentando o problema que hai hoxe en día coa xestión do SAF e o infrafinanciamento do SAF.

Era a única puntualización que quería facer, porque o Partido Popular unha e outra vez reitera ese argumento. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, dicía o representante do Partido Popular que isto é froito de meses de negociación, iso non é verdade. Houbo unha única reunión no mes de xuño, despois de meses insistindo na Fegamp a Consellería para reunirse, fíxose unha oferta concreta despois do verán, que eran 14 euros, 15 e 16 euros, rexeitouse por parte da Fegamp e houbo esta última oferta que lle foi trasladada ao presidente por teléfono. Eses son os meses de negociación aos que vostede fai referencia. É verdade que, se o cálculo da débeda é tan rigoroso como estes meses de negociación ao que vostede fai referencia, loxicamente, así estamos como estamos.

E chama a atención que diga vostede, claro, se denuncia, non, nós denunciámos a que hai que denunciar, porque a nós quen nos transfire os fondos é a autonomía. A nós o Estado non nos dá nada, o Estado transfire á autonomía e a autonomía a nós. Polo tanto, levamos meses dicíndoo, se a Xunta de Galicia entende que o Estado lle debe non sei cantos miles de millóns de dependencia, que o leve aos tribunais. Por que non o fai? Nós xa estamos valorando facelo. Hoxe, aquí, nesta moción, precisamente, pídesse, a través de esa emenda, un informe á Asesoría Xurídica para ver a posibilidade de acudir aos tribunais. Fíxo o mesmo a Xunta de Galicia? Pero é que, ademais, hai un dato que é bastante curioso: entre o ano 2020 e o ano 2023, o Estado incrementou a achega para dependencia nun



138%. Non é moco de pavo, eh? Casualmente, hai tres comunidades autónomas, unha delas é Galicia, que o reduciron un 9%. É dicir, o Estado achega máis e a autonomía recorta. Non parece que haxa moita vontade, polo tanto, por parte da Xunta de Galicia, de superar a situación na que estamos e de poder permitírnos aos concellos sufragar integralmente cos recursos que eles nos acheguen este servizo.

Galicia, ademais, polo que acabo de ler agora mesmo en Google, mentres falaba vostede, ten a porcentaxe máis baixa do Estado de persoas atendidas sobre a poboación potencialmente dependente; 16% fronte ao 23%. Isto non o di un medio comunicación nin o di o Goberno, dío a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, que acusan esas tres autonomías de utilizar o incremento do Estado para facer caixa e pagar cuestións que non teñen nada que ver coa atención aos dependentes. Dino eles, xa digo, non o di o Estado.

Por tanto, di vostede que esa débeda está tan acreditada, pois non sei de onde saen os números; dende logo, o Estado non a recoñece. E vostedes non achegaron documentalmente ningún tipo de proba que acredite que iso é así. Fan un cálculo, bótano ao aire, cóntao vostede aquí, din que está demostrado, pero a demostración ninguén a viu, porque eu non a vin. E preocupeime de buscala, eh?

Entón, home, se hai unha situación de déficit financiado nun servizo, o que ten que achegar que, segundo vostedes, debe, achega un 138% máis, nun período de tres anos, como dixeran, do 20 ao 23, e vostedes o reducen, pois está claro cal é a vontade. E, aínda por riba dese incremento, vostedes utilizan unha parte, como dixeran antes, para sufragar residencias de maiores e outro tipo de investimentos que non teñen que ver coa atención aos dependentes pois, loxicamente, xa temos o cóctel máis que servido. Polo tanto, repito, aquí cada un ten que aguantar a súa vela. E a vela da Xunta é o financiamento do 100% deste servizo. Punto.

E despois, home, sempre me chama a atención de vostedes que as únicas reivindicacións que se fan ao Goberno do Estado é cando non gobernan vostedes o Estado. Cando o goberna o Partido Popular conxela as achegas á dependencia durante os mandatos de Mariano Rajoy, non di nin mu a Xunta de Galicia. E agora que están outros di que o Estado ten unha débeda, imputándolla ao actual Goberno, cando a maior parte da débeda suposta, que di vostede, vén do Goberno anterior do seu partido, iso non o di.

Pero, ben, independentemente de quen veña a débeda, a min dáme igual. Se hai unha débeda, a Xunta de Galicia que a reclame onde a ten que reclamar, que é nos tribunais, que é onde calquera de nós, se alguén nos ten unha débeda, reclamamos. Cando non o fai, por que é? Porque non estará a débeda tan xustificada como vostede di, porque se non, é fácil, entras no xulgado e case saes cos cartos na man, se é a cousa tan sinxela como vostede di. Pero non o debe de ser tanto. E non é que non deba de ser tanto porque non é tan sinxela, porque non hai vontade e porque eses datos non son veraces.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Só dúas cousas. En primeiro lugar, o portavoz, o membro de Alternativa, onte mesmo o seu grupo aprobou a nosa emenda no Concello de Carral. Cousa, digo, terá que preguntarlle por que alí si, se é exactamente a mesma.

Señor Fernández, falar de datos con vostede, cando a súa principal fonte de



información é Google, ou non sei de onde os saca, de que intelixencia artificial, porque está clara unha cousa, que de artificial todo, pero de intelixencia pouca. Os datos, é que son bastante fáciles, é dicir, son datos oficiais. Sinceramente, non é a primeira vez que vostede empeza a dicir cifras que, xa digo, non sei de onde saca dicir que a Xunta diminuíu. Dende 2009, a Xunta é que cuadriplicou o gasto en dependencia. É certo que o Estado tamén, se collemos o mesmo período, pero en proporción, vamos, nin se lle asoma.

O resto da débeda, home, imos ver, estamos todos os días tratando esa cuestión. Sabemos ben, porque ademais están publicados. Outra cousa é que vostede tamén polo que sexa non os queira ver. En calquera caso, como estamos sempre co mesmo; por certo, un comentario que fixo antes, a Xunta de Galicia axuda aos concellos de non sei que. Oe, a Deputación pois ao mellor tamén, é dicir, que aquí cada un que aguante a súa vela.

Moitas grazas e nada máis.

Sr. Presidente

Non hai brevidade, está o punto debatido. Se quere pechar o debate Alternativa, que é a forza propoñente...

Sr. García Seoane

Está pechado, dicir que no concello golpista de Carral, o que pase, pode pasar calquera cousa.

Sr. Presidente

Procedemos a votar.

Sr. García Seoane

Porque é un goberno golpista, o que hai en Carral, un goberno golpista, un goberno fascista.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (PP)

Abstéñense: 2 deputados/as (PP – en virtude do artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para o apoio xurídico e económico aos concellos na reclamación do financiamento da dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de asfixia financeira que padecen os concellos da provincia da Coruña debido ao exercicio de competencias delegadas pola Xunta de Galicia chegou a un punto de non retorno. O caso máis flagrante é o da Dependencia e o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

**RPT-6654235



Mentres a Xunta de Galicia ostenta a competencia exclusiva en políticas sociais, son os concellos os que, na práctica, sosteñen o sistema. A administración autonómica límitase a transferir unha contía por hora que non cobre, nin de lonxe, o custo real que os concellos pagan ás empresas prestadoras ou ao persoal propio.

Esta diferenza, que debería ser asumida ao 100 % pola Xunta, está a ser cuberta con fondos municipais, o que supón un detraemento de recursos para obras, cultura, deportes e servizos básicos locais.

Recentemente, o acordo asinado entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia non fixo máis que oficializar unha inxustiza. Ese convenio que establece para o 2028 unha aportación da Xunta de Galicia de 18 euros/hora, non cubrirá o 100% do custo do SAF, que neste momento xa está en 24 euros/hora e que con toda seguridade se verá incrementado proximamente de forma considerable. Aceptar migallas mentres as arcas municipais se baleiran para exercer competencias autonómicas é un erro que non podemos permitírnos por máis tempo.

A Deputación da Coruña ten entre as súas funcións esenciais a asistencia técnica e económica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Ante a proposta de diversos concellos, liderados polo de Oleiros, de presentar unha denuncia conxunta contra a Xunta de Galicia para esixir o cumprimento íntegro do financiamento da Lei de Dependencia, esta Deputación non pode poñerse de perfil.

É necesario que esta institución provincial actúe como escudo dos concellos fronte aos abusos da administración autonómica, asumindo o liderado e o custo dunha batalla xudicial que é de xustiza para todos os veciños e veciñas da provincia.

Polo exposto, o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata o financiamento do SAF ata acadar o 100 % do custo real do servizo, liberando aos concellos de realizar achegas económicas por competencias que non lles son propias.
- 2.- Que os servizos xurídicos da Deputación elaboren un informe técnico sobre a viabilidade xurídica da interposición dun recurso xudicial.
- 3.-Solicitar á Xunta de Galicia que impulse un novo modelo público de coidados, coa creación dun instrumento de benestar social, que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado, no que se poña as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao SERGAS, mais para o servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas.
- 4.- Notificar este acordo a todos os concellos da provincia da Coruña, á Xunta de Galicia e á FEGAMP."

Sr. Presidente

A seguinte moción é unha moción presentada polo Partido Popular sobre a necesidade de flexibilizar o regulamento de control do sector pesqueiro.



2.Moción PP sobre a necesidade de flexibilizar o Regulamento de control ao sector pesqueiro

O coñecido como Regulamento de Control Pesqueiro (Regulamento CE n.º 1224/2009, modificado por el Regulamento UE 2023/2842) establece novas obrigas en materia de seguimento, notificación electrónica, localización e trazabilidade dixital da actividade da frota, plenamente esixibles desde o pasado 10 de xaneiro de 2026.

O novo e estrito marco normativo está a xerar gran malestar, especialmente entre a frota pesqueira artesanal, que opera no litoral e zonas máis próximas á costa, xa que introduce obrigas desproporcionadas que non atenden á realidade e características da actividade que desenvolve este sector.

A falta de preparación, planificación e adaptación normativa, administrativa e tecnolóxica por parte do Goberno de España -máis en particular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación- deriva en graves consecuencias, tales como:

- Que numerosas embarcacións de pequena eslora non dispoñan dos equipamentos electrónicos necesarios para cumprir as novas obrigas.
- Que unha parte significativa do sector quede exposta a sancións por incumprimentos derivados non dunha mala praxe profesional, senón da inexistencia de medios axeitados.
- Que se produza un colapso administrativo pola implantación precipitada de sistemas dixitais complexos.
- Que as comunidades pesqueiras máis vulnerables sufran os maiores impactos ao non poder asumir nin os custos nin as dificultades técnicas da adaptación.

Estas circunstancias supoñen un risco real para a continuidade da actividade da nosa frota pesqueira, para a seguridade xurídica do sector e para a igualdade competitiva respecto das frots doutros Estados membros que se adaptaron ás novas obrigas.

Entre os aspectos que máis preocupación están a xerar no sector pesqueiro galego destacan, entre outros, os seguintes:

- A implantación do sistema de seguimento electrónico (ERS diario electrónico de bordo) para todos os buques de eslora igual ou superior a 12 metros. No caso dos buques de menos de 12 metros, a súa aplicación é progresiva, podendo o Estado membro atrasala ata 2028 se xustifica a inexistencia de dispositivos axeitados para embarcacións de pequena eslora.
- O rexistro electrónico de capturas (caderno dixital de pesca) obrigatorio para os buques de máis de 12 metros, e condicionado nos de menos de 12 metros á dispoñibilidade de medios técnicos determinados polo Estado membro.
- A notificación previa de entrada en porto, incluído o aviso previo para o desembarque, cun prazo que pode oscilar entre unha e catro horas segundo o tipo de pesqueira e de porto. Esta obriga afecta a todos os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando leven capturas de especies con obriga de desembarque ou suxeitas a TACs.
- A declaración de desembarque electrónica, obrigatoria para os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando descarguen especies suxeitas a cota ou cando así o determine o Estado membro.



- A trazabilidade dixital obrigatoria desde a primeira venda ata o destino final, que obriga tamén ás embarcacións de menos de 12 metros a facilitar información dixital das capturas, o que supón unha dificultade engadida para pequenos barcos sen conectividade suficiente.
- A posta en marcha do sistema CATCH, relativo á certificación dixital das importacións fronte á pesca (INDNR), que debe estar plenamente operativo en xaneiro para evitar un colapso administrativo.
- O peso obrigatorio das capturas antes da primeira venda, con posibles excepcións para buques menores de 12 metros, segundo a especie e o destino de comercialización.
- O reforzo do control da pesca recreativa, mediante rexistro e declaración electrónica para especies suxeitas a TACs ou con obriga de desembarque, especialmente atún vermello, peixe espada e túnidos tropicais, con impacto directo nas confrarías e nas comunidades costeiras galegas onde conviven a pesca profesional e a recreativa.

Con todo, hai unha realidade que os actuais responsables ministeriais e do Goberno de España parecen ocultar ou, polo menos, non están aproveitando nos seus xustos termos, como é o feito de que o propio Regulamento europeo prevé a necesidade de aplicar as novas obrigacións de forma proporcionada, permitindo aos Estados membros da Unión Europea -entre eles o Reino de España- introducir flexibilidades cando iso non comprometa a eficacia do control.

No noso país unha parte moi significativa da frota opera no litoral, en zonas moi próximas á costa, con mareas de curta duración e desembarques frecuentes nos mesmos portos requiriría desta flexibilización das obrigas. Así mesmo, a frota artesanal caracterízase por ser mutiespecífica, capturando un elevado número de especies en cantidades reducidas, moitas delas sen relevancia desde o punto de vista da xestión de cotas ou do impacto biolóxico. Ningunha destas características serviu para que o Goberno de España adoptase medidas de adaptación ou flexibilización das novas obrigas, pese a que a normativa europea así o permite.

Cómpre en consecuencia evitar que se consoliden factores que dificulten aínda máis a xa de por si difícil actividade pesqueira da frota galega ou que xere unha carga administrativa desproporcionada para este segmento da frota, sen que iso achegue un valor engadido significativo ao control pesqueiro. Esta situación afecta negativamente á viabilidade económica das distintas pesquerías, á seguridade na mar e ao mantemento do tecido social e produtivo das zonas costeiras.

Convén lembrar, ademais, que tanto as Cortes Xerais como o Parlamento de Galicia, diversos concellos, confrarías e múltiples organizacións pesqueiras, xa trasladaron esta mesma demanda, requirindo ao Goberno de España a analizar e impulsar as medidas de flexibilización, exencións e simplificacións xa previstas no Regulamento. Iniciativas que contaron co respaldo maioritario dos grupos políticos, incluído, curiosamente, a do Grupo Socialista que forma parte do mesmo Goberno de España que permanece pasivo ante as demandas do sector.

De feito, a pesar de devandito mandato, ata a data non se produciu ningún avance efectivo nin se adoptaron medidas concretas para trasladar á práctica as posibilidades de adaptación que ofrece a normativa europea, manténdose unha aplicación ríxida do réxime de control que o propio Regulamento permite modular.

Por todo iso, resulta necesario reiterar esta demanda instando o Goberno de España a abandonar a súa posición de pasividade e oídos xordos ante as demandas do sector, e



requirirille con total contundencia que faga uso efectivo das posibilidades que ofrece a normativa europea para aplicar un réxime de control máis flexible e adaptado á realidade operativa da frota litoral e artesanal, contribuíndo así a súa sustentabilidade económica e social e ao cumprimento equilibrado dos obxectivos da política pesqueira común.

Polo exposto, solicitamos, a adopción do seguinte ACORDO:

"O Pleno da Corporación provincial insta ao Goberno de España a:

1º.- Aplicar a flexibilidade prevista no Regulamento europeo de Control da Pesca en materia de notificación previa de chegada a porto, excluindo do prazo de preaviso a aqueles buques pesqueiros que operan habitualmente en zonas próximas á costa do litoral español, sempre que non se vexa afectada a capacidade de control e inspección.

2º.- Establecer, para a frota artesanal multiespecífica que opera no litoral, un réxime simplificado de rexistro de capturas, que permita excluír da obrigaón de consignación individualizada daquelas especies cuxa captura sexa inferior a un limiar mínimo, como 50 quilogramos, por marea, sen prexuízo do rexistro completo das especies principais.

3º.- Definir criterios obxectivos e transparentes (tipo de frota, proximidade ao porto, duración da marea, carácter multiespecífico da pesqueira) para a aplicación destas medidas de flexibilidade, garantindo en todo momento a rastrexabilidade global das capturas e o cumprimento da normativa de control.

4º. Impulsar, no ámbito da Unión Europea, unha interpretación harmonizada ou unha adaptación normativa do réxime de control que teña en conta as especificidades da pesca artesanal multiespecífica, evitando cargas administrativas desproporcionadas e favorecendo a sustentabilidade social e económica do sector.

5º.- Facer unha análise que detalle a situación real do sector pesqueiro respecto ao grao de implantación dos sistemas electrónicos de seguimento, notificación e trazabilidade esixidos polo Regulamento europeo de Control da Pesca, identificando de maneira específica os segmentos da frota, especialmente a pesca costeira artesanal, que non están en condicións de cumprir as novas obrigas.

Así mesmo, darase conta do presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia."

Sr. de Deus Fonticoba

Si, bos días. Esta é a moción do Grupo do Partido Popular da Deputación de Coruña sobre a necesidade de que o Goberno de España flexibilice e adapte as obrigas establecidas no Regulamento europeo de control da pesca á realidade operativa da nosa frota litoral e artesanal.

Na exposición de motivos, o coñecido como Regulamento do control pesqueiro 1224/2009, modificado polo Regulamento 2023/2842, establece novas obrigas en materia de seguimento, notificación electrónica, localización e trazabilidade dixital na actividade da frota, plenamente exixibles dende o pasado 10 de xaneiro de 2026.

O novo e estrito marco normativo está a xerar gran malestar, especialmente entre a frota pesqueira artesanal que opera no litoral e zonas máis próximas á costa, xa que introduce obrigas desproporcionadas que non atenden á realidade e características da



actividade que desenvolve este sector. A falta de preparación, planificación e adaptación normativa, administrativa e tecnolóxica por parte do Goberno de España, máis en particular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, deriva en graves consecuencias, tales como que numerosas embarcacións de pequena eslora non dispoñan dos equipamentos electrónicos necesarios para cumprir as novas obrigas, que unha parte significativa do sector quede exposta a sancións por incumprimentos derivados, non dunha mala praxe profesional, senón da inexistencia de medios axeitados, que se produza o colapso administrativo pola implantación precipitada de sistemas dixitais complexos, e que as comunidades pesqueiras máis vulnerables sufran os maiores impactos ao non poder asumir nin os custos nin as dificultades técnicas de adaptación.

Estas circunstancias supoñen un risco real para a continuidade da actividade da nosa frota pesqueira, para a seguridade xurídica do sector e para a igualdade competitiva respecto das frots doutros Estados membros que se adaptaron ás novas obrigas.

Entre os aspectos que máis preocupación están a xerar no sector pesqueiro galego destacan, entre outros, os seguintes: a implantación do sistema de seguimento electrónico, ARS, diario electrónico de a bordo, para todos os buques de eslora igual ou superior a 12 metros; no caso dos buques de menos de 12 metros, a súa aplicación e progresiva, podendo o Estado membro atrasala ata 2028 se xustifica a inexistencia de dispositivos axeitados para embarcacións de pequena eslora. O rexistro electrónico de capturas, caderno dixital de pesca, obrigatorio para os buques de máis de 12 metros, e condicionado nos de menos de 12 metros á dispoñibilidade de medios técnicos determinados polo Estado membro. E a notificación previa de entrada en porto, incluído aviso previo para o desembarque, cun prazo que pode oscilar entre unha e catro horas segundo o tipo de pesqueira de porto. Esta obriga afecta a todos os buques de máis de 12 metros e no caso dos de menos de 12 metros cando leven capturas de especies con obriga a desembarque ou suxeitas a tax.

A declaración de desembarque electrónica, obrigatorio para os buques de máis de 12 metros e no caso dos de menos de 12 metros cando descarguen especies suxeitas á cota ou cando o determine o Estado membro. A trazabilidade dixital, obrigatoria desde a primeira venda ata o destino final, que obriga tamén as embarcacións de menos de 12 metros a facilitar a información dixital das capturas, o que supón unha dificultade engadida para pequenos barcos sen conectividade suficiente.

A posta en marcha do sistema CATCH, relativa á certificación dixital das importacións fronte á pesca INDNR, que debe estar plenamente operativo en xaneiro para evitar un colapso administrativo. O peso obrigatorio das capturas antes da primeira venda, con posibles excepcións para buques menores de 12 metros, segundo a especie e o destino de comercialización. O reforzo do control da pesca recreativa, mediante rexistro e declaración electrónica para especies suxeitas a tax ou coa obriga de desembarque, especialmente atún vermello, peixe espada e túnidos tropicais, con impacto directo nas confrarías e nas comunidades costeiras onde viven pesca profesional e recreativa.

Con todo, hai unha realidade que os actuais responsables ministeriais e o Goberno de España parecen ocultar, ou polo menos non están aproveitando nos seus xustos termos, como é o feito de que o propio Regulamento europeo prevexa a necesidade de aplicar as normas e obrigacións de forma proporcionada, permitindo aos Estados membros da Unión Europea, entre eles o Reino de España, introducir flexibilidades cando iso non comprometa a eficacia do control.

No noso país, unha parte moi significativa da frota opera no litoral e moitas próximas



á costa, con mareas de curta duración e desembarques frecuentes nos mesmos portos, que requiriría desta flexibilización das obrigas. Así mesmo, a frota artesanal caracterízase por ser multiespecífica, capturando un elevado número de especies en cantidades reducidas, moitas delas sen relevancia desde o punto de vista da xestión de cotas ou do impacto biolóxico.

Ningunha destas características serviu para que o Goberno de España adoptase medidas de adaptación ou flexibilización das novas obrigas, pese a que a normativa europea así o permite.

Cómpre, en consecuencia, evitar que se consoliden factores que dificulten aínda máis a xa difícil a actividade pesqueira da frota galega ou que xere unha carga administrativa desproporcionada para este segmento da frota, sen que iso achegue un valor engadido significativo ao control pesqueiro. Esta situación afecta negativamente á viabilidade económica das distintas pesquerías, á seguridade no mar e ao mantemento do tecido social e produtivo das zonas costeiras.

Convén lembrar, ademais, que tanto as Cortes Xerais como o Parlamento de Galicia, diversos concellos, confrarías e múltiples organizacións pesqueiras xa trasladaron esta mesma demanda a requirir ao Goberno de España a analizar e impulsar as medidas de flexibilización, exencións e simplificacións das previstas no regulamento, iniciativas que contaron co respaldo maioritario dos grupos políticos, incluído curiosamente a do Grupo Socialista, que forma parte do Goberno de España, que permanece pasivo ante as demandas do sector.

De feito, a pesar do devandito mandato, ata a data non se produciu ningún avance efectivo nin se adoptaron medidas concretas para trasladar a práctica de posibilidades de adaptación que ofrece a norma europea, mantendo a súa aplicación ríxida do réxime de control que o propio regulamento permite modular. Por todo iso, resulta necesario reiterar esta demanda, instando o Goberno de España a abandonar a súa posición de pasividade e oídos xordos ante as demandas do sector e requirirille, con total contundencia, que faga uso efectivo das posibilidades que ofrece a normativa europea para aplicar un réxime de control máis flexible e adaptado á realidade operativa da frota litoral e artesanal, contribuíndo así á súa sustentabilidade económica e social e ao cumprimento equilibrado dos obxectivos da política pesqueira común. Polo exposto, solicitamos a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno da Corporación insta o Goberno de España a aplicar a flexibilidade prevista no Regulamento europeo de control de pesca en materia de notificación previa de chegada a porto, excluindo do prazo de preaviso aqueles buques pesqueiros que operen habitualmente en zonas próximas á costa do litoral español, sempre que non se vexa afectada a capacidade de control e inspección.

2. Establecer para a frota artesanal multiespecífica que opera no litoral un réxime simplificado de rexistro de capturas que permita excluír da obrigación de consignación individualizada daquelas especies cuxa captura sexa inferior a un limiar mínimo como 50 kg por marea, sen prexuízo do rexistro completo das especies principais.

3. Definir criterios obxectivos e transparentes: tipo de frota, proximidade ao porto, duración da marea, carácter multiespecífico da pesquería, para que a aplicación destas medidas de flexibilidade garantindo en todo momento a rastrexabilidade global das capturas e o cumprimento da normativa de control.

4. Impulsar no ámbito da Unión Europea unha interpretación harmonizada ou unha



adaptación normativa do réxime de control que teña en conta as especificidades da pesca artesanal multiespecífica, evitando cargas administrativas desproporcionadas e favorecendo a sustentabilidade social e económica do sector.

Por último, punto quinto: Facer unha análise que detalle a situación real do sector pesqueiro respecto ao grao de implantación dos sistemas electrónicos de seguimento, notificación e trazabilidade exixidos polo regulamento europeo de control da pesca, identificando de maneira específica os segmentos da frota, especialmente a pesca costeira artesanal, que non están en condicións de cumprir as novas obrigas.

Así mesmo, darase conta do presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia.

Sra. Veira González

Si, este grupo provincial tamén vai votar a favor desta moción, porque nós, xa desde o comezo da tramitación deste regulamento atopamos un regulamento que era absolutamente contrario aos intereses da frota galega. Pero o problema deste regulamento orixínase na política pesqueira común, onde precisamente se fai unha diferenciación entre a pesca artesanal e a industrial a partir da lonxitude dos buques, que di que 12 metros de buque, a partir de 12 metros de buque, estamos falando de pesca industrial e menos de 12 metros de buque estamos falando de pesca artesanal. Este é o gran problema que temos, porque esas medidas que aproba a Unión Europea para diferenciar entre pesca industrial e artesanal prexudican a nosa frota, porque a nosa frota precisamente de máis de 12 metros de altura non ten e non é fundamentalmente pesca industrial. E aquí é o problema da política pesqueira común, é o problema da harmonización que supón esta política pesqueira e é o problema tamén de facer efectivamente regulamentos e facer normativas sen ter en conta as especificidades das zonas nas que precisamente hai maior peso na nosa economía deste tipo de sectores.

Nós xa no seu día nos amosamos radicalmente en contra desa diferenciación. O que botamos de menos en todo, tanto na tramitación da política pesqueira común como, efectivamente, tamén na tramitación deste regulamento, botamos de menos unha Xunta de Galiza que realmente pensase que estaba a gobernar un país primeiro, altamente dependente da pesca, e en segundo lugar un país que efectivamente é o que ten máis peso na frota de todo o Estado. Galiza segue a ser, pese a todas as dificultades que se lle impoñen ao sector, segue a ser a zona, segue a ser a nación do Estado con máis buques. Polo tanto, a Xunta de Galiza o que ten é que facer cumprir as súas competencias, cumprir coas súas competencias e defender o sector como se efectivamente estivese a gobernar un país con estas características. Galiza posúe máis de 3.500 barcos de artes menores, dos que a inmensa maioría son, efectivamente, de menos de 12 metros de eslora e que precisamente pescan nas rías e, polo tanto, con mareas inferiores a 24 horas, de xeito agrupado no caso dos máis de 3.000 mariscadores e mariscadoras a flote, onde precisamente a persoa propietaria do buque coincide case sempre co patrón do mesmo, que tamén é a persoa que realiza as capturas e que logo as pon á venda en lonxas onde se pesan e rexistran.

E voume deter nisto, porque xa se pesan e xa se rexistran as capturas; é que non é que haxa unha maior garantía por impulsar este regulamento e todo o que el implica; é que hoxe en día xa teñen unha carga bastante importante e están encima deles todos os días, efectivamente, as institucións para que cumpran efectivamente coas capturas que teñen que cumprir, cos topes que teñen que cumprir, etc., etc. Porque tamén unha das cuestións



que nós desde o BNG vemos neste regulamento é que parece que se está a perseguir a pesca como se fosen xa un sector preventivamente ou, desde logo, *a priori*, como se estivesen interpretando que é un sector xa que está predisposto a incumplir as normativas e a delinquir e a incumplir estes regulamentos e estas normativas que xa teñen impostas. E por que dicimos isto? Porque ademais o regulamento ten un carácter retroactivo e ten unha imposición de sancións que estamos falando de 3.000 €, e o que é 3.000 € para un barco de menos de 12 metros é unha auténtica barbaridade para o que é a súa facturación.

Polo tanto, estamos a falar dun regulamento que é altamente daniño para a pesca galega, que non é que se teña que flexibilizar. Nós a curto prazo, evidentemente, o que defendemos é unha flexibilización, pero o que defendemos a longo prazo é que se exclúa a frota galega da aplicación deste regulamento. Iso é o que ten que defender a Consellería de Pesca diante do Goberno do Estado e o que ten que defender o Goberno do Estado en Bruxelas. Iso é o que nós consideramos e o que levamos defendendo desde un inicio, pero desde logo que seguiremos defendendo en Europa, porque nós en Europa si que defendemos os intereses de Galiza. Defendémolos coas mans libres, porque nós non temos que facer equilibrios co que defende pois o Partido Popular Europeo noutras zonas de Europa, ou o que defende o Partido Socialista noutras zonas do Estado e de Europa. Nós temos as mans libres e só nos debemos a Galiza e nos debemos á pesca galega, que está, como digo, fortemente afectada pola aplicación deste regulamento absolutamente inxusto e que non atende á nosa realidade. Nada máis.

(A Sra. García Gorostizu regresa ao Salón de Plenos).

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, nós imos votar esta moción a favor, entre outras cousas porque o que pide esta moción xa está acordado entre o Ministerio de Agricultura e os representantes do sector.

O que chama a atención é que ese acordo entre o Ministerio de Agricultura e os representantes do sector é do día 20 e esta moción está asinada polo voceiro do Partido Popular o día 23. É dicir, asínase unha moción exixíndolle unha serie de cuestións ao Estado tres días despois de que esas cuestións xa estean aceptadas polo Estado, negociadas e acordadas co sector. Home, dá a impresión de que é unha moción un pouco feita para facer que facemos algo, non?

E a verdade é que eu esta moción entendería que a puidera presentar o BNG ou a Alternativa dos Veciños, pero que sexa precisamente o PP o que a presente, non tanto nos acordos, que, como digo, son compartidos, porque o propio Ministerio os asumiu, senón na propia exposición de motivos, non? Chama a atención que cargue contra o Goberno de España pola súa inacción, que cargue contra o Goberno de España por non solicitar esa flexibilización, aínda que sendo a moción do día 23 xa había tres días que estaba ese acordo sobre a flexibilización aprobado. Chama a atención que cargue a responsabilidade no Goberno de España cando, home, eu non sei se sabe vostede quen é Costas Kadis. Costas Kadis é o comisario europeo, máximo responsable da política de pesca na Unión Europea, que é do Partido Popular. E este acordo que agora vostedes din que é tan malo e que en gran medida lle achacan ao Goberno de España foi votado polos eurodeputados socialistas no Parlamento Europeo e polos do Partido Popular. É máis, hai un señor que se chama Francisco Millán Mon, a pesar de que os apelidos parecen casteláns, este señor é eurodeputado e é galego, é de Pontevedra. E este señor, cando se aproba o regulamento: “Trátase dun acordo equilibrado, realista e gradual. Grazas ao intenso traballo do Grupo do Partido Popular Europeo, lograronse evitar medidas desmesuradas. Esforceime



persoalmente en que se tivesen en conta as singularidades da frota artesanal como bo galego, polo que celebro a fórmula adoptada". Isto é o que di un señor que é eurodeputado do Partido Popular de Galicia sobre este acordo que vostedes din que é tan malo e que responsabilizan ao Goberno de España. Isto é o nunca visto.

E, home, isto que digo eu aquí seino eu e sábeno vostedes, polo tanto, hai que ter cara dura como pouco para vir aquí a presentar esta moción. Eu prefería que vostedes fixeran un pouco iso de Gila, non? "Alguien ha matado a alguien, alguien es un asesino", a ver se outro grupo que non foran vostedes a presentaba. Vamos, xogando así coa indirecta e polo menos pois o BNG que nese aspecto pois ten unha postura que a que defende aquí é a mesma que defenderon no Parlamento, pois podía tela presentado, ou Alternativa dos Veciños, pero non son vostedes. E, lonxe de escapar de, home, pois tendo en conta que sabemos que o comisario europeo que propón todo isto e que o xestiona é do Partido Popular, que o meu partido votou a favor, que un deputado galego defendeu a aprobación no Parlamento, pois polo menos na exposición de motivos fágana vostedes un pouco xenérica, dicindo que é mala para Galicia e que hai que cambialo, e patatín patatán. Pero pensen vostedes se facemos un relatorio así brevemente é: hai un acordo do día 20, vostedes presentan unha moción o día 23 solicitando que se faga por parte do Goberno algo que xa está acordado hai tres días. Ademais diso, na exposición de motivos cargan vostedes contra o Goberno de España cando esta é unha proposta dun comisario do Partido Popular defendida por un eurodeputado galego do Partido Popular. Pois non sei que quere que lle diga, dende logo, non parece que a cousa sexa moi seria.

E, como non hai dous en tres, porque xa dixen na primeira moción que todo é susceptible de empeorar e neste caso tamén, resulta que hai unha conselleira de pesca que estivo no mes de decembro reunida co comisario europeo que non sei que fixo alí. Porque, claro, a Xunta de Galicia ten competencias cando interesa. Pero, home, digo eu que a conselleira de Pesca da Xunta de Galicia, polo tanto do PPdG, terá algún tipo de relación, polo menos para poder falar co deputado galego do PPdG e explicarlle cal é a situación se ese señor, que di que coñece cal é a situación da pesca de baixura en Galicia e do sector pesqueiro, que aparentemente polo que di e á vista do regulamento non coñece, pero digo, home, que alguén na Xunta llo puido ter explicado. Porque a cuestión é: que fixo a Xunta de Galicia durante a tramitación dese regulamento por parte do seu partido na Unión Europea?, entendo que terían que ter coñecemento. Ese señor dixo que o tiña, digo eu que falará con alguén do partido en Galicia, non será un *outsider*.

Home, eu penso que temos que ser un pouquiño máis serios, sobre todo polo respecto que nos merecen as persoas do sector, que se ven prexudicadas inicialmente por un regulamento que agora, e como digo, pois o Goberno vai solicitar esa flexibilización, asumindo cada un de nós a responsabilidade que teremos na comisión de determinados erros. Loxicamente, para min é un erro que o Grupo Socialista no Parlamento Europeo teña apoiado este regulamento. E digo máis, eu penso que este regulamento está deseñado por xente que sabe pouco de pesca. E non me doen prendas en dicilo, dígoo aquí publicamente e estase gravando e retransmitindo. A ver se se escoita alguén do Partido Popular dicir o mesmo.

Pero, home, vir aquí xa lonxe de non asumir os propios erros do seu grupo a botarlle a culpa ao que está en fronte, que ten unha parte de responsabilidade, pero en todo o caso este é un regulamento europeo ao que España está obrigada a dar cumprimento, máis alá de que exista esa posibilidade de flexibilización. E o regulamento feito por vostedes pois, home, non sei que quere que lle diga. Pero ben, en todo caso sería, concedéndolles o beneficio da dúbida, a primeira vez que o Partido Popular nesta Corporación lle exige algo ao Partido Popular. Pero non, como iso non vai pasar, a pesar de que o regulamento está



aprobado polo Partido Popular, a pesar da competencia en materia pesqueira na Xunta de Galicia do Partido Popular, a pesar de que o eurodeputado que o defende é do Partido Popular de Galicia, a culpa de quen é?, do Goberno de España porque non é do Partido Popular. Se fora do Partido Popular, a quen lla botaríamos?, pois non sei, igual ao presidente da Deputación ou neste caso ao vicepresidente, que é o que está presidindo aquí o Pleno. Dende logo xa sei que a alguén do Partido Popular non.

Así que, home, pois iso de “consejos vendo que para mí no tengo” que quere que lle diga? En todo o caso, repito, nós imos votala a favor porque xa hai un acordo entre o Ministerio e o sector. Nós compartimos a necesidade de que hai que flexibilizar este regulamento e mudalo, loxicamente, tendo en conta as características da frota de pesca máis importante da Unión Europea, que é a galega e, por tanto, cada un asumindo os nosos erros, pois reconducir a situación, loxicamente, como digo, partindo de ser honestos. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Para estar de acordo, levamos 24 minutos. Eu advírtolles que o pouco público que había na sala marchou. Entón, ben, pode pechar o debate.

Sr. de Deus Fonticoba

Tiene razón y además la culpa es del portavoz socialista, que habla demasiado.

En todo caso, yo he sido breve en la exposición, creo que la exposición es clara. Hablar más no es dar más argumentos, y es cierto que el señor portavoz socialista a veces se pierde en la oratoria para no dar argumentos sencillos.

Para estar todos de acuerdo hay una cosa muy sencilla. El reglamento tiene una competencia de la Comunidad Europea. Es evidente que la transposición de esas normativas es de los gobiernos miembros, evidentemente de los países miembros, en este caso España. Si usted prefiere que la Xunta de Galicia sea la representante de España, pues no estaría mal, porque tenemos una costa importante y un peso importante en la pesca en la Comunidad Europea, pero no es así.

Lo cierto es que usted dice que qué ha pasado, que dice usted que ya se ha solucionado, que hay un acuerdo. No es cierto, usted dice una media verdad porque lo único que se ha hecho es responder a las presiones del sector. Es cierto que en todo este proceso el reglamento se aprueba en el año 2024 y los Estados miembros tienen toda la capacidad para flexibilizar las normas si están debidamente justificadas. ¿Qué ha hecho el Gobierno de España durante todo este tiempo? Nada, absolutamente nada. Por lo tanto, me extraña a mí que diga usted que qué hizo la Xunta. Pues, hombre, le voy a decir lo que hizo la Xunta. Mire, lo que hizo la Xunta es: el 7 de febrero del año 2024 la Consellería do Mar presentó, ante la Secretaría Xeral de Pesca y el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 23 propuestas con el fin de poner en marcha determinadas flexibilidades y exenciones a medidas de simplificación en el desenvolvimiento del reglamento de control de pesca que se recogen dentro de la propia normativa comunitaria y que resultaban beneficiosos para el sector en Galicia.

Entre las propuestas que se trasladaron, las más llamativas fueron la exención de determinadas categorías de buques pesqueros en la obriga de completar e presentar unha notificación previa a unha declaración de transbordo, a exención para determinadas poboacións da obriga de estibar por separado de explotacións demersais suxeitas a plans



plurianuais, as normas sobre procedementos de pesada relativas ás pequenas especies peláxicas, as normas sobre os observadores encargados do control, as normas sobre inspeccións das autoridades competentes dos Estados membros e dos operadores, e en setembro mantívose unha nova reunión co obxecto de abordar as novidades do novo regulamento de control de pesca. Acordouse iniciar o proceso particular medidas de flexibilización, simplificación e exención, valorouse a posibilidade de flexibilidade e xeolocalización para os buques en eslora inferior a 9 metros, valoráronse outros aspectos relacionados co diario electrónico e constituíuse dous grupos de traballo, un para pesca profesional e outro para pesca deportiva.

A verdade é que para non facer nada fixo moito máis que un Goberno que dende a aplicación do ano 2024 do regulamento non moveu un só pé co sector. E tivo que ser o propio sector, as confrarías de pescadores, os sectores, as federacións de confrarías de toda España as que puxeron o grito no ceo para que o Goberno de España espertara dunha vez, porque son, como dicimos así, son consecuencias moi graves, sobre todo para a pesca en Galicia, da que dependemos moito e tamén no Mediterráneo.

Polo tanto, non me veña a dicir agora que non se fixo nada. O que pasa é que, ante un Goberno xordo e que non quere tomar medidas, a pesca queda como queda. Polo tanto, aínda que si tomaron medidas menores, como flexibilizar a entrada en porto de 4 horas a 1, pouco máis se fixo. Polo tanto, esperemos que agora esperte dunha vez. E, en todo caso, agradecer a boa sintonía dos demais grupos, que ven que o sector pesqueiro na nosa comunidade é fundamental e que hai que defendelo a capa e espada.

En todo o caso, creo que todos quedaríamos mellor falando menos e apoiando máis. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

Moción PP sobre a necesidade de flexibilizar o Regulamento de control ao sector pesqueiro

O coñecido como Regulamento de Control Pesqueiro (Regulamento CE n.º 1224/2009, modificado por el Regulamento UE 2023/2842) establece novas obrigas en materia de seguimento, notificación electrónica, localización e trazabilidade dixital da actividade da frota, plenamente esixibles desde o pasado 10 de xaneiro de 2026.

O novo e estrito marco normativo está a xerar gran malestar, especialmente entre a frota pesqueira artesanal, que opera no litoral e zonas máis próximas á costa, xa que introduce obrigas desproporcionadas que non atenden á realidade e características da actividade que desenvolve este sector.

A falta de preparación, planificación e adaptación normativa, administrativa e tecnolóxica por parte do Goberno de España -máis en particular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación- deriva en graves consecuencias, tales como:



- Que numerosas embarcacións de pequena eslora non dispoñan dos equipamentos electrónicos necesarios para cumprir as novas obrigas.
- Que unha parte significativa do sector quede exposta a sancións por incumprimentos derivados non dunha mala praxe profesional, senón da inexistencia de medios axeitados.
- Que se produza un colapso administrativo pola implantación precipitada de sistemas dixitais complexos.
- Que as comunidades pesqueiras máis vulnerables sufran os maiores impactos ao non poder asumir nin os custos nin as dificultades técnicas da adaptación.

Estas circunstancias supoñen un risco real para a continuidade da actividade da nosa frota pesqueira, para a seguridade xurídica do sector e para a igualdade competitiva respecto das frotas doutros Estados membros que se adaptaron ás novas obrigas.

Entre os aspectos que máis preocupación están a xerar no sector pesqueiro galego destacan, entre outros, os seguintes:

- A implantación do sistema de seguimento electrónico (ERS diario electrónico de bordo) para todos os buques de eslora igual ou superior a 12 metros. No caso dos buques de menos de 12 metros, a súa aplicación é progresiva, podendo o Estado membro atrasala ata 2028 se xustifica a inexistencia de dispositivos axeitados para embarcacións de pequena eslora.
- O rexistro electrónico de capturas (caderno dixital de pesca) obrigatorio para os buques de máis de 12 metros, e condicionado nos de menos de 12 metros á dispoñibilidade de medios técnicos determinados polo Estado membro.
- A notificación previa de entrada en porto, incluído o aviso previo para o desembarque, cun prazo que pode oscilar entre unha e catro horas segundo o tipo de pesqueira e de porto. Esta obriga afecta a todos os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando leven capturas de especies con obriga de desembarque ou suxeitas a TACs.
- A declaración de desembarque electrónica, obrigatoria para os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando descarguen especies suxeitas a cota ou cando así o determine o Estado membro.
- A trazabilidade dixital obrigatoria desde a primeira venda ata o destino final, que obriga tamén ás embarcacións de menos de 12 metros a facilitar información dixital das capturas, o que supón unha dificultade engadida para pequenos barcos sen conectividade suficiente.
- A posta en marcha do sistema CATCH, relativo á certificación dixital das importacións fronte á pesca (INDNR), que debe estar plenamente operativo en xaneiro para evitar un colapso administrativo.
- O peso obrigatorio das capturas antes da primeira venda, con posibles excepcións para buques menores de 12 metros, segundo a especie e o destino de comercialización.
- O reforzo do control da pesca recreativa, mediante rexistro e declaración electrónica para especies suxeitas a TACs ou con obriga de desembarque, especialmente atún vermello, peixe espada e túnidos tropicais, con impacto directo nas confrarías e nas comunidades costeiras galegas onde conviven a pesca profesional e a recreativa.



Con todo, hai unha realidade que os actuais responsables ministeriais e do Goberno de España parecen ocultar ou, polo menos, non están aproveitando nos seus xustos termos, como é o feito de que o propio Regulamento europeo prevé a necesidade de aplicar as novas obrigacións de forma proporcionada, permitindo aos Estados membros da Unión Europea -entre eles o Reino de España- introducir flexibilidades cando iso non comprometa a eficacia do control.

No noso país unha parte moi significativa da frota opera no litoral, en zonas moi próximas á costa, con mareas de curta duración e desembarques frecuentes nos mesmos portos requiriría desta flexibilización das obrigas. Así mesmo, a frota artesanal caracterízase por ser mutiespecífica, capturando un elevado número de especies en cantidades reducidas, moitas delas sen relevancia desde o punto de vista da xestión de cotas ou do impacto biolóxico. Ningunha destas características serviu para que o Goberno de España adoptase medidas de adaptación ou flexibilización das novas obrigas, pese a que a normativa europea así o permite.

Cómpre en consecuencia evitar que se consoliden factores que dificulten aínda máis a xa de por si difícil actividade pesqueira da frota galega ou que xere unha carga administrativa desproporcionada para este segmento da frota, sen que iso achegue un valor engadido significativo ao control pesqueiro. Esta situación afecta negativamente á viabilidade económica das distintas pesquerías, á seguridade na mar e ao mantemento do tecido social e produtivo das zonas costeiras.

Convén lembrar, ademais, que tanto as Cortes Xerais como o Parlamento de Galicia, diversos concellos, confrarías e múltiples organizacións pesqueiras, xa trasladaron esta mesma demanda, requirindo ao Goberno de España a analizar e impulsar as medidas de flexibilización, exencións e simplificacións xa previstas no Regulamento. Iniciativas que contaron co respaldo maioritario dos grupos políticos, incluído, curiosamente, a do Grupo Socialista que forma parte do mesmo Goberno de España que permanece pasivo ante as demandas do sector.

De feito, a pesar de devandito mandato, ata a data non se produciu ningún avance efectivo nin se adoptaron medidas concretas para trasladar á práctica as posibilidades de adaptación que ofrece a normativa europea, manténdose unha aplicación ríxida do réxime de control que o propio Regulamento permite modular.

Por todo iso, resulta necesario reiterar esta demanda instando o Goberno de España a abandonar a súa posición de pasividade e oídos xordos ante as demandas do sector, e requirirlle con total contundencia que faga uso efectivo das posibilidades que ofrece a normativa europea para aplicar un réxime de control máis flexible e adaptado á realidade operativa da frota litoral e artesanal, contribuíndo así a súa sustentabilidade económica e social e ao cumprimento equilibrado dos obxectivos da política pesqueira común.

Polo exposto, solicitamos, a adopción do seguinte ACORDO:

"O Pleno da Corporación provincial insta ao Goberno de España a:

1º.- Aplicar a flexibilidade prevista no Regulamento europeo de Control da Pesca en materia de notificación previa de chegada a porto, excluindo do prazo de preaviso a aqueles buques pesqueiros que operan habitualmente en zonas próximas á costa do litoral español, sempre que non se vexa afectada a capacidade de control e inspección.

2º.- Establecer, para a frota artesanal multiespecífica que opera no litoral, un réxime simplificado de rexistro de capturas, que permita excluír da obrigación de consignación individualizada daquelas especies cuxa captura sexa inferior a un limiar mínimo, como 50 quilogramos, por marea, sen prexuízo do rexistro completo das especies principais.



3º.- Definir criterios obxectivos e transparentes (tipo de frota, proximidade ao porto, duración da marea, carácter multiespecífico da pesqueira) para a aplicación destas medidas de flexibilidade, garantindo en todo momento a rastrexabilidade global das capturas e o cumprimento da normativa de control.

4º. Impulsar, no ámbito da Unión Europea, unha interpretación harmonizada ou unha adaptación normativa do réxime de control que teña en conta as especificidades da pesca artesanal multiespecífica, evitando cargas administrativas desproporcionadas e favorecendo a sustentabilidade social e económica do sector.

5º.- Facer unha análise que detalle a situación real do sector pesqueiro respecto ao grao de implantación dos sistemas electrónicos de seguimento, notificación e trazabilidade esixidos polo Regulamento europeo de Control da Pesca, identificando de maneira específica os segmentos da frota, especialmente a pesca costeira artesanal, que non están en condicións de cumprir as novas obrigas.

Así mesmo, darase conta do presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia."

Sr. Presidente

Hai outra moción presentada polo Partido Popular en defensa do sector primario.

3.Moción PP en defensa do sector primario

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a esixencia de salvagardas específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo produto foráneo cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Cláusulas que debería defender con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. A maiores, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno central.

A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores que tamén compartimos é as peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común, especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. É imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa.



Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos:

Dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

2º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

3ª.- Solicitar o anticipo da parte correspondente a España dos 45.000 millóns anuais propostos pola Unión Europea para dirixilos directamente ao sector primario; e ao mesmo tempo destinar á PAC o orzamento denominado Obxectivo Rural, é dicir, o 10 % da dotación do fondo nacional asignado.

4º.- Protexer ao sector primario, defendendo cmo cuestión imprescindible as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur e garantir e intensificar os controis de fronteira, co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares que os esixidos na Unión Europea.

5º.- Solicitar ante a Unión Europea a non activación provisional do citado acordo mentres non haxa garantías para o agro e certezas de que se aprobará o regulamento das cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis ou a redución das esixencias actuais para os produtores.

Sr. García Pose

Bo día, presidente. Ben, a moción que traemos é en defensa do sector primario e fundaméntase en dous asuntos moi de actualidade neste momento: a reforma da PAC post 2027 e o acordo Mercosur.

Como antecedente, en relación á reforma da PAC, a preocupación vén pola aprobación do novo marco financeiro, a proposta da Comisión para o período 28-34, do que se deduce un recorte de fondos de máis do 20% que poden supoñer para Galicia máis de 80 millóns de euros, a eliminación dos dous piares absolutamente esenciais, porque recollen o desenvolvemento rural e os pagos directos ata este momento e que tan bo resultado veñen dando desde o 2009.

Tamén se crea un novo fondo, coa eliminación deses dous piares, créase un novo fondo que vai recoller pesca, cohesión, defensa, no que se mete todo como caixón de xastre, co cal esa primeira política da Unión Europea, que foi a política agraria, pois dilúese noutras cousas. Polo tanto, ábrese un período de negociación de dous anos e cremos que é o momento de que, no transcurso desa negociación, pois isto mude e teñamos unha PAC ou sosteñamos unha PAC como vimos tendo.

En relación ao Mercosur, é preciso que non se active o acordo en tanto non estean vixentes, plenamente vixentes as cláusulas de salvagarda e, sobre todo, non se garanta a estabilidade dos produtores e dos consumidores e o cumprimento dos mesmos estándares que agora mesmo son vixentes, están vixentes na Unión Europea, aos estándares de



produción, me refiro.

Paso a ler a moción:

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións, manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal como se fixo ata este momento. Galicia sempre defendeu, ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a existencia de cláusulas de salvagarda específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo o produto foráneo cumprira as mesmas garantías e requisitos, seguindo as normativas comunitarias que lles son esixibles aos produtores galegos para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector. Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando con preocupación algunhas declaracións, sobre todo do lado de Mercosur, que xeran dúbidas sobre a implantación desas cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo, cláusulas que debería defender, entendemos, con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para poder chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. A maiores, se finalmente entra en vigor o acordo, é fundamental extremar os controis en fronteira. Sabemos que os produtos importados, a sanidade exterior, compete soamente ao Estado español e, ao día de hoxe, estase a inspeccionar soamente o 0,08% dos produtos que entran.

A maiores disto, outra preocupación para os gandeiros e agricultores, que tamén compartimos, é a petición de simplificación da burocracia da política agraria común, especialmente agora que está en proceso de debate a aprobación do novo marco financeiro plurianual 28-34 e diferenciarnos con fondos suficientes para ter unha PAC forte, que esta é a maneira de apostar polo relevo xeracional ou o desenvolvemento rural.

Por todo isto, o Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestar o apoio explícito ao sector primario galego na defensa dos seus intereses e o acordo entre a Unión Europea e os países do Mercosur.

2. Esixir ao Goberno de España que protexa o sector primario, que defenda as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e o Mercosur ante as posibles ameazas e que garanta que se intensifiquen os controis en fronteira, co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que se pretendan comercializar no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares de calidade, sanidade e benestar animal que os esixidos na Unión Europea.

3. Instar a Xunta a reclamar do Goberno central estas peticións e seguir intensificando as medidas de apoio ao sector primario, especialmente no ámbito da sanidade animal, a prevención das enfermidades, as compensacións por perdas e o control da fauna salvaxe que afecta ás explotacións.

4. Facer unha fronte común dende Galicia para reclamar unha nova PAC, unha nova política agraria común, con fondos suficientes e diferenciados que permita asegurar axudas directas aos gandeiros e agricultores para promover unha remuda xeracional, ao tempo que asegurar o adecuado desenvolvemento rural.

É o que tiñamos que dicir ata este momento.



Sra. Veira González

Si. En primeiro lugar, anunciar o voto en contra do BNG a esta moción, porque nós, todo o que non sexa unha moción coa que nos posicionemos radicalmente en contra do acordo de Mercosur pois, evidentemente, non nos vale. Nós, desde o BNG apoiamos o sector agrogandeiro, pero apoiámolo non só dicíndoo, non só expoñéndoo nunha moción, senón que o facemos tamén nas votacións que se producen no Parlamento Europeo. E o Bloque Nacionalista Galego votou en contra do acordo de Mercosur e tamén contribuíu a que, efectivamente, isto se impugnase xuridicamente en Europa. E, ademais, non só defendemos o sector agrogandeiro, o sector primario, os sectores produtivos no plano teórico, senón que mesmo desde a acción política desta Deputación, en concreto da área que xestiona o meu compañeiro, o señor Regueira, que hoxe está presidindo esta sesión, estamos a apoiar diariamente e estamos a favorecer que, efectivamente, se poña en valor todos os produtos que se producen nas comarcas que conforman a nosa provincia. E coñecemos directamente a preocupación dos produtores e das produtoras, pero tamén do resto da cadea agroalimentaria. E coñecémola e actuamos en consecuencia. Nós estamos directamente en contra do acordo de Mercosur e esas cláusulas que inventou posteriormente a Unión Europea para intentar paliar o custo político que lle ía ter este tratado non son realmente, non se van poder aplicar con garantías. E iso sábeo o Partido Popular Europeo e sábeo o Partido Popular porque eses, digamos, mecanismos que van regular esas cláusulas non están definidos e non están definidas esas teóricas compensacións das que falaba o Partido Popular.

Vostedes o que intentan é navegar e intentar levar como poden pois o seu posicionamento político. Iso é o que intentan con esta moción e o que están intentando facer publicamente. Pero a realidade é que votaron a favor do acordo de Mercosur e a realidade é que votaron en contra de impugnar ese acordo. Polo tanto, vostedes están a favor do tratado de Mercosur e todas as consecuencias que este vai traer para o noso sector primario en Galiza.

Polo tanto, non intenten confundir a xente e traten un pouco a cidadanía coa intelixencia que esta ten. E o que teñen que facer é medir as consecuencias políticas do que vostedes votan cando van votar, efectivamente, nas institucións nas que están presentes. Pola nosa banda, nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, pois aquí estamos nunha situación similar á anterior. O comisario de Agricultura do Partido Popular Europeo, o Partido Popular Europeo vota a favor e agora o Partido Popular pois pretende esquivar o vulto. É verdade que nesta moción, hai que recoñecerllo, porque eu intento facelo cando hai que ser xustos, non? e vai menos cargada de bombo a exposición de motivos, xa non é tanto culpa do Goberno do Estado. É verdade que algo lle reclaman ao Goberno que eles insistiran ante o Goberno. Ben, pero polo menos hai que recoñecerlle que non ten tanto valor como a moción anterior, non? A moción e algunha intervención que vaia por Deus. Pero, ben, en todo caso, neste caso en concreto, recoñézolle que vai menos cargada de bombo.

Si que me chama a atención que hai certa disfunción entre a exposición de motivos e os acordos. É dicir, a exposición de motivos céntrase nun 70% no acordo de Mercosur pero, non obstante, os acordos que propón a moción céntrase nun 70% na PAC. Ben, é curioso tamén que no da PAC non se incida máis na exposición de motivos, imaxino que terá que ver tamén co feito de que, como digo, o comisario europeo de Agricultura sexa do Partido Popular Europeo e que o Partido Popular Europeo tamén votara en contra de levar ao



Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea a paralización desta norma e, polo tanto, se votou en contra, hai eurodeputados galegos do Partido Popular que votaron en contra, facendo tamén a mesma autocrítica para o meu grupo político. E, polo tanto, home, pois que quere que lle diga? E despois, ben, sobre a posición do BNG, que eu o respecto e non comparto en absoluto. É un pouco máis ese BNG do non no que neste caso, ben, pois non sei cal é o problema con Mercosur e dise unha serie de cousas que non son verdade, honestamente; inténtase meterlle medo ao persoal, pero que hai determinadas afirmacións que non son certas. E iso é tan fácil como ver cal é o acordo europeo.

Sobre o tema dos niveis de control, hai tres niveis de control que garanten, en principio, que non sexa un acordo negativo para os intereses xerais do campo no noso país. Establecerase un límite máximo de cota á cantidade de produtos agroalimentarios importados por Mercosur que se beneficiarán de aranceis máis baixos; 99.000 toneladas de carne de vacún, isto corresponde a 1,5% da produción total da Unión Europea. Non pode vir máis do 1,5% da produción total da Unión Europea en carne; 25.000 toneladas de carne de porcino, iso supón o 0,1% da produción total de carne de porcino da Unión Europea e 180.000 toneladas de aves de curral, que supón o 1,3% da produción total da Unión Europea.

Ademais, o acordo inclúe cláusulas de salvagarda para protexer os agricultores da Unión Europea ante calquera aumento repentino das importacións. É a primeira vez que se inclúe unha medida destas características nun acordo da Unión Europea. Ademais, aplícanse os mesmos estándares de calidade e de control sanitario que aos produtos europeos. Non é certo iso de que van vir un que cría unha vaca pouco máis que con química, non é verdade. Entón, por un lado, o que vimos é: hai un Partido Popular que en gran medida ten o alento de Vox no pescozo, e Vox que alenta tamén con mentiras e desinformación a xente do campo e do sector primario, onde está medrando dende o punto de vista electoralmente. E, por outro, un Bloque Nacionalista Galego inmerso nesa fronteira ideolóxica e tamén, neste caso, xeográfica e comercial de Galicia. É dicir, o sector galego, dende o punto de vista da agricultura e sobre todo da gandería, ten un peso importantísimo dos seus ingresos naquilo que se exporta. Non vale co consumo interno. E o que non vale é, home, que eu lle poida vender ao de en fronte cunhas condicións que son vantaxosas para min e o de en fronte non poida venderme a min.

Pero é que neste caso, como digo, o 0,1% da produción de porcino, non pode entrar máis, ou o 1,5% da produción total de vacún e o 1,3% da produción de carne avícola. Home, non dá a impresión de que iso vaia ser unha catástrofe. De feito, hai sindicatos do sector labrego, o sindicato maioritario en Galicia, con moitísima diferenza, que non defenden esa postura do Bloque Nacionalista Galego. Por non falar de que non hai ningún estudo que sustente esa afirmación, de feito, os únicos dous estudos que hai, se mal non lembro, porque o tiña por aquí apuntado, foron realizados: un pola London School of Economics, me parece que é, ou algo así, creo recordar, e outro por unha catedrática española. Non hai ningún estudo realizado dende o punto de vista do sector galego das consecuencias que vai ter isto, é o que se di. Dise porque é o que opinan vostedes, que eu respecto, eh? Pero dende logo non parece que estea moi respaldado por un estudo económico que poida avalar ese escenario tan apocalíptico que vostedes nos presentan e que algúns non compartimos.

Isto é un acordo que levan 20 anos xestionando. É verdade que, loxicamente, gran parte deses posicionamentos en contra deste acordo veñen dados tamén porque hai determinadas formacións políticas, casualmente son todas as que votaron en contra, que están en contra da propia existencia da Unión Europea como tal e que non comparten en gran medida a existencia da Unión Europea. Entón, iso fai que moitos dos acordos que veñen da Unión Europea non se respalden porque queremos presentar Europa como algún



que vén contra os nosos intereses e acabar con todo. E iso non é verdade, iso non é verdade. Outra cousa é que ás veces, ben, pois o uso que facemos daquilo que pode vir de Europa é o que é, ou que noutras ocasións, loxicamente, pois non se teñan ben definidos determinados regulamentos ou medidas que se aproban, como esta que acabamos de ver sobre a pesca ou, neste caso concreto, sobre a agricultura. Pero dende logo non é, como digo, unha situación tan apocalíptica. Pero en todo caso, nós non imos apoiar unha moción que o que pretende é lavarlle a cara ao posicionamento do Partido Popular, que é o responsable, como digo, da Comisión Europea da área de Agricultura, que foi quen sacou isto co apoio dos seus eurodeputados, moitos deles galegos. E, por tanto, pois iso de facer que fago non nos parece de recibo e pouco serio. Ademais de que entendo que isto obedece, como dixeran antes, a unha estratexia que está pensada máis para evitar que Vox poida coller aí algún tipo de voto e, loxicamente, facer ese encaixe de palillos cos pratos no aire todo o tempo pois ten as súas dificultades, como esta moción deixa de manifesto. Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Pose

De xeito breve, os acordos, este acordo o que permite é regularizar unha situación que xa se está a dar. Ou é que alguén cre que neste momento non está entrando carne, por exemplo, de Mercosur? Pois si, si que está entrando. De Arxentina soamente 29.000 toneladas. Non hai máis que dar unha volta polos centros comerciais e vemos novillo arxentino, pero sen control, sen eses controis que estarían no marco dun acordo, sen ese reforzo da sanidade exterior, que é o que busca esta moción, sen esa información aos consumidores para saber... Un acordo o que fai é que todos os actores xogan con regras claras, negro sobre branco, pero sobre todo vai na liña de garantirlles aos consumidores un produto con trazabilidade, que cumpra os estándares europeos.

Diciamos antes que se inspeccionan o 0,08% dos produtos agrarios que entran na Unión Europea. A sanidade exterior é a competente, depende directamente do Goberno central. Bueno, simplemente mirando cales son os datos do último ano, incremento de importacións de Exipto do 300%, incremento anual sostido do 34% de Marrocos, sitios onde os salarios están por debaixo de 1 euro/hora. Eu creo que non estamos, se permitimos que iso entre sen salvaguardas, iso é competencia desleal, ou que simplemente o que se mire sexan os LMR, produtos que levan máis de 20 anos prohibidos na Unión Europea, que se seguen fabricando na Unión Europea, pero que se poden dar no norte de África ou en Marrocos, e que iso poida entrar aquí cos cultivos tratados con esas materias activas e que soamente miremos se cumpre LMR.

Eu creo que poñer a atención en que se incrementen os controis, en que haxa reciprocidade na aplicación do marco normativo da Unión Europea nos países de orixe, que levará tamén a un progreso social para eses países na medida en que lle vaiamos poñendo ese tipo de medidas, é bo. Despois, debemos insistir no que é o marco normativo, o peso que ten esta produción con garantías no ámbito do benestar animal, no ámbito da utilización de produtos fitosanitarios, no ámbito dos controis, que iso se esixa, que iso se traslade aos países do acordo do Mercosur, que vai un pouco no espírito da proposta, non?

Despois, o marco normativo vixente é inxusto. É inxusto porque permite que, cunha declaración de conformidade, calquera deses países exporte a un territorio da Unión Europea, ou sexa, o país de orixe di que cumpre a mercancía, e aquí a un gandeiro ou a un agricultor pedímoslle 16 documentos cada ano para xustificar que os seus produtos cumpren o paquete de seguridade e hixiene na produción primaria de alimentos. É inxusto. Ou sexa, falabamos antes cando pediamos a simplificación da burocracia da política agraria común, vai nesa dirección. Aquí os empresarios que son produtores de alimentos, sexan



carnes, sexan hortofrutícolas, son xente que son bos tecnicamente, son competitivos. O que non podemos é atarlles as mans, poñerlles aquí todo tipo de trabas, todo tipo de dificultades, e deixar que iso entre ou que incluso poida alterar o mercado local, porque estámonos esquecendo, ou case cremos na boa vontade dos importadores, dos grandes operadores comerciais, e non adoitan ser xente de boa vontade, adoita importarlles bastante pouco. Por tanto, debe de ser o marco normativo quen diga que, a partir dun determinado efecto sobre o mercado local, que ademais agora gozan de boa saúde, non hai máis que mirar cal é a evolución do sector lácteo, e vemos prezos razoables, vemos como está o mercado da carne, os prezos son axeitados, vemos... Bueno, pois eu creo que todo iso debemos protexelo, non?

Eu creo que na boa dirección foi o que se acaba de anunciar aquí na Comunidade Autónoma. Observatorio de prezos, incremento dos controis de produtos, controis de produtos en destino, nunca pode facer nada sobre a sanidade exterior, que, como dixemos, é competencia do Estado. Reforzo da promoción do produto local, e aquí non teño ningún problema en recoñecer tamén o esforzo do vicepresidente da Deputación coa implicación dos produtos locais, hai un esforzo nesa dirección. Xosé sábeo, témosllo trasladado moitas veces que compartimos esa liña, pero vai na dirección do reforzo e promoción do produto local. E sobre todo esa sensibilización, esa campaña de sensibilización, porque ao final a decisión tena o consumidor final. E temos que conseguir un consumidor final que non compre por prezo. Ou que o primeiro criterio de compra non sexa un céntimo. Entón, ben, con isto o que pretendemos é reclamar do Estado e da Unión Europea, que son os competentes, a non entrada en vigor do acordo do Mercosur en tanto non exista unha reciprocidade en canto a condicións laborais, sanitarias e de benestar animal, ademais das garantías correspondentes para darlles estabilidade aos mercados, aos nosos mercados. No resto, no que é o ámbito da PAC, a dirección é: non poden desaparecer os piares, porque iso vai crear unha distorsión entre territorios, porque significa que o segundo pilar, o desenvolvemento rural vai ser financiado con fondos propios, fondos das comunidades autónomas, e evidentemente non todas teñen a mesma capacidade nin as mesmas dificultades. E sobre todo que ese 20% proposto de redución xeral dos fondos asignados á política agraria común, á parte de diluír a política agraria común noutro tipo de cousas, como pode ser a seguridade, que non ten moito que ver, ou a pesca, pois que non ocorra.

Polo tanto, estamos a ano e medio de que se adopte esa decisión, e eu creo que sería positivo que chegara unha mensaxe, evidentemente, ao Goberno do Estado, porque é quen é o competente para fixar unha posición ante a Unión Europea. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Votamos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (13 do PP e 2 do BNG)

Votan en contra: 14 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Secretario

Aprobada por 15 votos a favor e 14 en contra dos deputados do Grupo Socialista e de Alternativa dos Veciños (...). Hai un voto a favor do BNG (...).



Sr. Ben Otero

Perdón, perdón, para repetir votación tenemos que estar de acuerdo. Hemos dejado en una ocasión que el presidente, que se había equivocado en una moción de deportes, cambiara su voto y no pasó nada. Pues, mire, nosotros no estamos de acuerdo en repetir la votación porque no hay ningún criterio para repetir la votación, legal, no hay ningún criterio, no estamos de acuerdo.

Sr. Presidente

Imos ver, eu cometín o erro de votar mal, recoñezoo. E a compañeira Natividade tamén votou mal. Eu se non... que nos asesore o secretario se pode votar...

Sr. Secretario

Está declarado o resultado da votación, polo tanto está votado; pero, se deciden repetila...

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, entón eu non teño ningún inconveniente. Agora ben, que quede claro, séntase un precedente; a partir de agora aquí neste Pleno o que se vote queda votado. E, digo, o máis prexudicado é o seu grupo, que o 90% das veces ten xente que se equivoca cando vota. Vostede saberá, vostede saberá se quere transitar nesa liña. Xa lle digo, vaille pesar, eh? Xa lle digo que lle vai pesar, porque aquí votos en contra... Non... Un pouco de respecto, un pouco de respecto. Pero, en todo caso, os que se equivocan aquí constantemente votando son vostedes. E os que estamos aquí, e os que estamos aquí temos a xenerosidade de permitir que se volva votar. Vostede non a ten? Perfecto, queda o precedente sentado. Eu xa anuncio que o meu grupo, a partir de agora, non vai aceptar ningunha dobre votación cando alguén se equivoque. Pero, a raíz da súa actitude agora mesmo, totalmente impropia, inxusta e pouco solidaria cando os demais si a temos con vostedes. E, se quere, podemos facer referencia aquí aos últimos cinco ou seis plenos, cinco ou seis plenos onde vostedes, na súa bancada, se equivocaron cando votaban e volvemos votar e corrixiron *in voce*. Por certo, plenos si, si... Por certo, plenos nos que ninguén nos preguntou aos demais se estabamos de acordo en que se volvera votar. Quedamos aquí calados e volveuse votar. Que vostede quere hoxe establecer ese criterio? Perfecto. Xa lle adianto o que vai pasar por parte do meu grupo...

Sr. Presidente

Ben, en todo caso, a Presidencia podería someter se volvemos votar ou non, poderíao someter a votación. Eu creo que podemos chegar a un acordo facilmente. Eu creo que se cometeu un erro. Efectivamente, pasou en varias ocasións onde se lle preguntou aos deputados e deputadas se votaban, se cambiaban o sentido do voto ou se se equivocaran. Eu recoñezo que neste caso, tamén o digo por ser sincero, a min gustárame votar esta moción a favor, non podemos estar de acordo por outras cuestións, aínda que na petición nalgunhas cousas concordamos, pero eu equivoqueime. A miña intención era votar en contra, a intención da deputada Natividade tamén era votar en contra.

Vamos, a min gustárame que a repetición da votación viñera por un acordo dos grupos, recoñecendo este erro e que se permitira, non? Isto pasou moitas máis veces aquí nesta sala e non pasou nada. Rectificouse o voto por parte de deputadas e deputados do Partido Popular, e no caso de PSOE tamén se pediu o voto a certas deputadas que ao



mellor se esqueceron de pulsar ou votaron en contra, como me pasou a min hoxe. Polo tanto, eu pediríalle ao Partido Popular que permitira a rectificación do voto.

Sr. Ben Otero

Señor Regueira, debido a ser usted quien es, a la conducta que tiene siempre con este Grupo y con todos los alcaldes y portavoces de la provincia, en cuestión personal suya, por ser usted quien es, cómo se porta siempre, vamos a permitir que se repita la votación. Pero, en todo caso, por usted, no por el señor que está allí en frente, porque, de formas, de fondo y de política, poco; de charlatanería, mucho.

Sr. Presidente

Pois moitísimas grazas. Procedemos a votar novamente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decaе a moción.

Sr. Presidente

Moitas grazas, de novo. Pasamos á última moción, presentada polos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG, para instar a Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito de transporte de viaxeiros por estrada na provincia da Coruña.

4.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para instar á Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña

O transporte público por estrada é un servizo esencial para a cidadanía, especialmente nun país cunha estrutura territorial como a galega, en que milleiros de persoas dependen diariamente deste servizo para acceder ao traballo, aos centros educativos, sanitarios e a outros servizos básicos.

Na provincia da Coruña, o sector do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada atópase nunha situación crítica que prexudica a milleiros de veciños e veciñas. O novo contrato de transporte impulsado pola Xunta de Galicia está a demostrar ser un auténtico desastre: autobuses sen prazas suficientes, persoas que quedan tiradas nas paradas, liñas con frecuencias mínimas e unha evidente falta de planificación.

As consecuencias son graves: traballadores e traballadoras que non poden chegar a tempo aos seus postos, persoas maiores que non acoden a citas médicas e estudantes que ven afectado o seu dereito á educación. A combinación do transporte escolar co ordinario está a xerar máis problemas ca solucións: nenas e nenos que teñen que adaptarse aos horarios dos autobuses en lugar de ser ao contrario, chegando moito antes da hora de inicio das cla-



ses e vendo como se vulneran os seus dereitos máis básicos.

A maiores desta problemática que lle está a causar á cidadanía, o servizo atópase inmerso nun grave conflito laboral derivado do bloqueo da negociación do seu convenio colectivo, que afecta a arredor de 3.000 persoas traballadoras e á práctica totalidade das empresas do sector. O convenio leva catro anos caducado, e non recolle avances normativos básicos en materia de conciliación, control horario ou dereitos laborais, nin garante incrementos salariais dignos nin cláusulas de revisión ligadas ao IPC.

Esta situación derivou na convocatoria de varias xornadas de folga, con estacións de autobuses practicamente paralizadas e milleiros de persoas usuarias gravemente afectadas, poñendo en risco a prestación dun servizo público esencial.

Cómpre salientar que a Xunta de Galiza ten unha responsabilidade directa nesta situación, tanto polo seu papel como principal contratista e reguladora do transporte público por estrada, como pola política desenvolvida nos últimos anos, que favoreceu a concentración do sector en mans de grandes grupos empresariais, condicionando de maneira decisiva a negociación colectiva.

A pasividade da Xunta fronte ao bloqueo patronal, así como a súa negativa a exercer un papel activo como autoridade laboral e como administración responsábel da garantía do servizo, está contribuíndo a prolongar un conflito que prexudica tanto ás persoas traballadoras como á cidadanía en xeral.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. Instar á Xunta de Galiza a:

a) Implicarse activamente na resolución do conflito do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo.

b) Dirixirse ás empresas concesionarias do transporte público por estrada, lembrándolles a súa obriga de negociar de boa fe e de garantir condicións laborais dignas nun servizo esencial para a cidadanía.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, dou lectura á moción. O transporte público por estrada é un servizo esencial para a cidadanía, especialmente nun país cunha estrutura territorial coma a galega, en que milleiros de persoas dependen diariamente deste servizo para acceder ao traballo, aos centros educativos, sanitarios ou a outros servizos básicos. Na provincia da Coruña, o sector do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada atópase nunha situación crítica que prexudica milleiros de veciños e veciñas. O novo contrato de transporte impulsado pola Xunta de Galicia está a demostrar ser un auténtico desastre: autobuses sen prazas suficientes, persoas que quedan tiradas nas paradas, liñas con frecuencias mínimas e unha evidente falta de planificación. As consecuencias son graves: traballadores e traballadoras que non poden chegar a tempo aos seus postos, persoas maiores que non acoden ás citas médicas e estudantes que ven afectado o seu dereito á educación. A combinación do



transporte escolar co ordinario está a xerar máis problemas que solucións. Nenas e nenos que teñen que adaptarse aos horarios dos autobuses en lugar de ser ao contrario, chegando moito antes da hora de inicio das clases e vendo como se vulneran os seus dereitos máis básicos.

A maiores desta problemática que lle está a causar á cidadanía, o servizo atópase inmerso nun grave conflito laboral derivado do bloqueo da negociación do seu convenio colectivo, que afecta a arredor de 3.000 persoas traballadoras e á práctica totalidade das empresas do sector. O convenio leva catro anos caducado e non recolle avances normativos básicos en materia de conciliación, control horario ou dereitos laborais, nin garante incrementos salariais dignos nin cláusulas de revisión ligadas ao IPC. Esta situación derivou na convocatoria de varias xornadas de folga, con estacións de autobuses practicamente paralizadas e milleiros de persoas usuarias gravemente afectadas, poñendo en risco a prestación dun servizo público esencial.

Cómpre salientar que a Xunta de Galicia ten unha responsabilidade directa nesta situación, tanto polo seu papel como principal contratista e reguladora do transporte público por estrada como pola política desenvolvida nos últimos anos, que favoreceu a concentración do sector en mans de grandes grupos empresariais, condicionando de maneira decisiva a negociación colectiva. A pasividade da Xunta fronte ao bloqueo patronal, así como a súa negativa a exercer un papel activo como autoridade laboral e como Administración responsable da garantía do servizo, está contribuíndo a prolongar un conflito que prexudica tanto as persoas traballadoras como a cidadanía en xeral.

Por todo o exposto, os grupos do PSdG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos.

Primeiro: Instar a Xunta de Galicia a implicarse activamente na resolución do conflito do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte sindical da mesa de negociación do convenio colectivo.

Punto b) deste punto, primeiro e único, dirixirse ás empresas concesionarias do transporte público por estrada, lembrándolles a súa obriga de negociar de boa fe e de garantir condicións laborais dignas nun servizo esencial para a cidadanía.

Ben, esta é unha cuestión sobre a que chove xa sobre mollado. Levamos anos advertindo da pésima situación na que se atopa o servizo de transporte por estrada en Galicia como consecuencia duns contratos mal executados, duns contratos, sobre todo, cunha previsión na redacción dos seus pregos que é un auténtico desastre, non? É verdade que ata o de agora había unha parte que era máis prexudicada, era a dos viaxeiros e viaxeiras, quedando tirados nas paradas, teñen que ir de pé nos autobuses, autobuses que se estropean, autobuses que non chegan, etc. Pero agora, como é lóxico, tendo en conta algo do que vimos advertindo, que é que eses contratos estaban pensados para favorecer as grandes empresas do transporte e, polo tanto, concentrar os contratos en dúas, basicamente, empresas, o que supuxo a desaparición de moitas pequenas empresas de transporte, moitas delas familiares, pois agora atopámonos no que é habitual cando hai practicamente un monopolio nun sector, e é que os traballadores, os empregados dese sector, acábana padecendo nas súas condicións laborais, onde se lles esixen xornadas laborais maratonianas, onde non hai persoal suficiente, onde as condicións, dende o punto de vista económico, pois son moi mellorables, froito de que eses contratos son un auténtico desastre.

A pesar diso e de levar anos esixindo melloras por parte de quen ten a competencia



única e exclusiva e, polo tanto, a responsabilidade desta situación que é a Consellería correspondente á Xunta de Galicia, non se fixo absolutamente nada. Reúnesenos de vez en cando os alcaldes nas delegacións territoriais, volvemos a explicar o que xa explicamos 40 veces, dísenos que se vai adoptar algún tipo de medida, pero a situación non muda. Nin muda a situación, nin se rescinden eses contratos, nin se saca un contrato novo, nin se mellora absolutamente nada que teña que ver con esta problemática. E neste caso, que é o que nos ocupa hoxe, concentrada na situación que está a atravesar o persoal destas empresas e que, como digo, está concentrado basicamente nunha especie de monopolio, no que dúas practicamente se reparten a totalidade dos contratos.

Polo tanto, bueno, pois repito, como todo é susceptible de empeorar, pois xa imos empeorando cun novo sector ao que lle afecta a problemática dun traballo mal feito que ninguén asume e, o máis importante, que ninguén reconduce, porque levamos, como digo, anos sen que se adopte ningunha medida correctora para evitar esa situación que afecta a tantos viaxeiros e viaxeiras en Galicia e que é absoluta e totalmente desastrosa.

Polo tanto, esperamos poder contar os dous grupos propoñentes co apoio de todos os grupos desta Corporación en defensa dos intereses da cidadanía. Nada máis e moitas grazas de momento.

Sr. García Seoane

Ben, desde o Concello de Oleiros vimos denunciando desde hai moito tempo a situación do transporte público que afecta, non só ao concello de Oleiros, senón á comarca, pro especialmente no concello de Oleiros é desastroso o servizo que se nos presta. Como se di na moción, non se chega á hora ás paradas, se un autobús se avaría non se sabe cando vén outro a recollerte, a xente vai como en latas de sardiñas sentados e de pé enriba do chofer. Ben, situacións gravísimas que se veñen dando. Carencia de frecuencias, non? Cando se sabe que hai 100 cidadáns para coller un autobús e tes un de 25, pois tes que levar dous ou tres para coller os 100. E, se non, hai que revisar ese contrato. Isto é unha constante e nós temos reunións. Agora estamos pendentes dunha reunión coa Xunta de Galicia. Íasenos chamar en decembro, íasenos chamar en xaneiro, pasou decembro, pasou xaneiro e fomos alí en novembro. E foi onde se nos dixo: “No, Gelo, no me compliques la vida”, me dixo. “No me compliques la vida ahora en Navidades”. Ben, pois non sei se xa sabía que lle ían complicar a vida os transportistas, os obreiros, non os empresarios E sigo esperando.

Como digo, o transporte público é un desastre. É un desastre, por tanto, nós estamos de acordo con esta moción.

Sra. Veira González

Ben, a ver, a moción evidentemente céntrase nunha cuestión laboral, que é a cuestión das condicións nas que as persoas que conducen os autobuses están a prestar este servizo, que é un servizo esencial á cidadanía e que teñen razón os compañeiros voceiros que falan antes ca min. É un servizo que non se está a prestar de maneira adecuada, e é un servizo que non se está a prestar de maneira adecuada polas cuestións que xa se explicaron aquí e que son públicas. Son públicas porque calquera pode ir agardar un bus e a Guitiriz e que lle pase media hora antes do debido e quedar non sei cantas horas alí plantificado, ou pode ir intentar vir todos os días a traballar á Coruña desde calquera concello da coroa metropolitana e ter verdadeiros problemas ou intentar chegar á clase, etc., etc.



Claro, é un servizo que a Xunta de Galicia debería xestionar, pois desde logo desde outra perspectiva e tendo en conta que este é un dereito básico, o dereito á mobilidade. Pero ademais, a Xunta de Galicia debería garantir que en servizos que son efectivamente prestados por empresas, pero que son servizos públicos, que estas empresas garantan unhas condicións laborais dignas. E iso non se está a dar hoxe en día. E eu creo que os sindicatos non se poñen en folga nin anuncian folgas indefinidas por nada. Anuncian folgas indefinidas por cuestións concretas. E eu teño coñecidos que traballan neste sector, que traballan como condutores de autobús do transporte público de viaxeiros en Galiza e que efectivamente me contan como é traballar neste sector, e as dificultades que teñen para conciliar, e as dificultades que teñen para coñecer cales son os seus horarios e cales son as súas quendas. Algo tan sinxelo como isto.

E a Xunta de Galicia está a permitir que as empresas teñan esta política laboral. Isto é un problema e é un problema para a cidadanía, e é un problema que as empresas se senten na mesa de negociación de mala fe, como veñen de facer, e que ao final os sindicatos se vexan abocados a convocar unha folga indefinida que efectivamente vai ter unha repercusión tamén no que é a vida diaria da xente. Pero é que, claro, é que a Xunta de Galiza e as empresas, a patronal, non escoitan e non están a atender as demandas dos traballadores e das traballadoras, que, como digo, son os que ao final, no día a día, están a facer posíbel que a xente teña un dereito á mobilidade mínimo, porque en Galicia poderíamos aspirar a ter unha mobilidade moito mellor e iso é responsabilidade da falta de política da Xunta de Galicia. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. A veces, cuando se firman mociones conjuntas que son de un Partido y otro se suma, el problema es que no se tiene ni idea de a lo que se ha sumado uno. Claro, esta es una moción que presentó el Bloque en varios ayuntamientos, ayer se debatió en Ferrol, y es una moción que trata directamente sobre el conflicto laboral de los trabajadores con la patronal, perfecto. Los que se suman a la moción hablan de un funcionamiento, ni idea de lo que se está votando, ni idea de lo que decía la moción, el señor García Seoane tampoco, ni idea, miró la moción por encima, la presentan, a favor. Bueno, aquí se está hablando sobre el conflicto laboral que está existiendo entre los trabajadores y la patronal, punto. De eso trata la moción, porque lo que se vota en las mociones, para los que tanto saben, alguno que lleva en política desde antes que se inventara la rueda, son los acuerdos, no la exposición de motivos. Se lo digo porque igual es bueno que lo aprenda antes de que se jubile, ¿no? Eso es interesante.

Por otro lado, vamos a ver, hoy, en este momento, se está produciendo una negociación en el Consello Galego de Relacións Laborais entre empresa, patronal y esperemos que lleguen a un acuerdo, eso es lo que esperamos, confiamos y deseamos todos. Pero yo veo, señor Fernández, señora Veira, que ustedes lo aprovechan todo. Hoy aprovechan el conflicto laboral en un sector empresarial privado, a fin de atacar a la Xunta de Galicia y a fin de endilgarle una responsabilidad o unas obligaciones que no le corresponden como institución autonómica. Mi propósito no es convencerles a ustedes. Ustedes ya saben que no tienen razón, porque ustedes saben perfectamente, lo saben perfectamente, que no tienen razón.

Mi propósito es evitar que los ciudadanos afectados por la huelga se crean sus embustes, que se crean sus mentiras. Pretenden ustedes hacerle creer a nuestras vecinas y vecinos que una Administración pública, sea la Xunta Galicia o sea la Administración del Estado, puede entrometerse en un conflicto laboral y forzar o condicionar un posible proceso de negociación colectiva. Muéstrenme ustedes un solo título legal habilitador que autorice a



una Administración pública a forzar o condicionar una negociación colectiva de la que no sea parte. Yo solo encuentro uno, lo hemos estado mirando con los compañeros del equipo, y hay uno, sí, la Ley básica de organización sindical, que es una ley de 1940, de los años más duros de la dictadura franquista, es la ley que implantó el Sindicato Vertical. Estupendo, reivindican ustedes el Sindicato Vertical. Vale, pero, antes de hacer uso de los mecanismos del Sindicato Vertical, deberán modificar la legislación laboral y hasta la Constitución. El modelo franquista de relaciones laborales, que ahora ustedes defienden, el modelo del Sindicato Vertical, consistía sustancialmente en lo que proponen en su moción. Trabajadores y patronos tenían la obligación de sentarse a negociar y, si no llegaban a un acuerdo, era la Administración franquista –lo que pretenden hacer ustedes ahora, autocrática– la que imponía una solución totalitaria, y había que comérselo. Eso es lo que pretenden ustedes ahora, y pretenden ustedes, desde sus ámbitos, promover este tipo de actuaciones.

Pero, mire usted, el modelo constitucional y legalmente vigente es otro. Hoy las condiciones mínimas de trabajo las establece democráticamente el legislador estatal, especialmente a través del Estatuto de los trabajadores, y las expectativas de mejora que estos trabajadores pueden tener se fían a un proceso de negociación con los empresarios, lógicamente. Los sindicatos solicitan mejoras, las empresas aceptan o no. Los sindicatos presionan legítimamente, incluso hasta llegar a la huelga, que no beneficia a ninguna de las partes, pero que es un instrumento legal y reconocido por todos. Y así se van componiendo intereses opuestos y, en el mejor de los casos, se van actualizando o mejorando los derechos. En un proceso dinámico, dialéctico, de tiras y aflojas de amigos, de conflictos, de conflictos, de pactos, esto es lo que hay. Así es el marco democrático de las relaciones laborales. Obviamente, que la Administración impusiese una solución resultaría más sencillo, pero es que es ilegal, porque sería totalitario.

¿Qué es lo único que puede hacer la Xunta de Galicia? Lo que está haciendo, promoviendo que se sienten a negociar en el Consello de Relaciones Laborales los empresarios y los sindicatos. Hoy, a esta hora, se está produciendo esa negociación. Por lo que sea, ahora mismo no se había acabado la negociación. Esperemos, confiamos y deseamos entre todos que lleguen a un acuerdo.

Mire usted, nosotros les repetimos que esto que piden en la moción no es legal, no es posible, no es democrático y es de una época pretérita en los tiempos, que a mí no me tocó vivir, y no sé si alguien de aquí ha vivido, yo desde luego no, ni quiero que vuelvan esos tiempos. Y respecto al servicio de transportes, al respecto al servicio de transportes, les recomiendo, si tienen tanto interés en debatir al respecto de esto, que en el próximo pleno que presenten una moción en conjunta, eso sí, léanla los que se sumen a ella, si la hace uno de los grupos, y que debatamos sin ningún problema en el próximo pleno respecto al funcionamiento del servicio de transportes. Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Ben, agradézolle a Evaristo que opine por min, que opine por min. Resulta que eu vin aquí e non sei a que veño, digo calquera cousa porque vén nunha moción dun grupo que me simpatiza. Non, eu veño con este tema, e interveño neste tema por un coñecemento amplísimo que teño de vivencias diarias de centos de veciños de Oleiros, centos, ao final do ano, un millón e pico de persoas que van no transporte público, un millón e pico de viaxes que se fan en Oleiros, que manda truco, pero un millón e pico de viaxes que deterioran o tema laboral, porque os traballadores non poden cumprir co que esiximos os concellos e o que esixen os cidadáns nos servizos que nos teñen que prestar e que supostamente se contrataron no seu día para ofrecérllelos aos cidadáns, e que non son realidade. Contrátanse servizos, contrátanse liñas a unha aldea, a outra, a outra, e para prestar un



servizo que se coñecía que había equis cidadáns que o ían a requirir.

Ben, pois nada máis lonxe da realidade, nada máis lonxe da realidade, e por tanto iso orixina que os traballadores, de feito, houbo conflitos cos traballadores, incluso algún lle chegaron a levantar a man porque deixaba a xente, e deixan a xente nas estradas, e deixan a xente nas estradas e, claro, iso encabrona ao traballador que se sente vítima dalgún modo, leva o bus totalmente cheo de xente a rebentar, el non mete máis xente porque é a súa obriga é dicirlle: “Yo no puedo meter más personas en el autobús”, pero está orixinando un problema gravísimo a esas persoas, un estrés que non se ten que dar. E está todo ligado, non é un *totum revolutum*, é un conxunto de usuarios e traballadores.

Iso, por certo, Carlos teno bastante mellor que os demais. Si, Carlos, Carlos Calvelo teno bastante mellor que os demais, pero a cargo del, a cargo del, non de ninguén, a cargo do seu concello, porque pode, porque economicamente pode, pero é que eu non estou disposto a facer o que fai Carlos, porque eu non teño por que pagar. Primeiro que non teño os recursos que ten Carlos, e eu non teño que pagar o diñeiro que ten que pagar a Xunta de Galicia pola prestación de... porque xa estamos pagando un 20% da viaxe, cando a Xunta di: “Viaxes de autobuses gratis da Xunta de Galicia”, unha merda, co 20% meu. Claro, ese é o tema.

É dicir, estamos nun conxunto de actitudes por parte de... é que nos sangran por todos os lados, nos sangran por todos os lados, nos chupan o sangue, parecen pirañas, non? É tremendo. Por tanto, eu sei de que falo, señor Evaristo, sei de que falo, sei de que falo sempre.

Sra. Veira González

Señor Ben, eu tampouco vivín eses tempos, nin gana que teño, nin nada polo estilo, nin é o que estamos propoñendo. Porque vostede saberá, non levará tanto tempo como outras persoas en política, pero vostede saberá que son vostedes, pertencen a unha organización que se di de goberno, que existe unha cousa que se chaman pregos de contratación pública, verdade? E, até onde eu sei, o servizo de transporte público por estrada é un servizo público que se saca a concurso cuns pregos, se saca a licitación cuns pregos, e eses pregos recollen unhas cláusulas, non? E hai unhas cláusulas que din como se ten que prestar ese servizo e que hai que atender tamén os dereitos laborais dos traballadores e das traballadoras.

E o que lle estamos pedindo á Xunta de Galicia é que, como titular do servizo de transporte público de viaxeiros, o que faga é revisar, controlar que esas condicións se cumpren, vale? Aquí non estamos falando de nada máis, e estamos falando de que, evidentemente, a Xunta de Galiza ten unha capacidade, o Goberno galego, a través dos distintos organismos que ten, de facer que se senten na mesa. E ten tamén a capacidade de dicirlle á empresa que xestiona, reitero, un servizo público, que hai que negociar de boa fe. Claro que o pode dicir e non está incumprindo ningún tipo de lei. Non hai ningunha lei que diga que iso non se pode facer. Ao contrario, hai leis que din que, nos servizos públicos, por moito que estean xestionados por empresas privadas, hai que cumprir cos dereitos laborais. E iso é o que estamos dicindo, que nos servizos públicos hai que cumprir os dereitos laborais. E os profesionais do sector do transporte público colectivo na provincia da Coruña levan catro anos co convenio caducado. E, como non se está a renovar ese convenio, a empresa está aproveitando para incumplir moitos dereitos laborais, como de conciliación, horarios, etc., etc. Polo tanto, aquí estamos falando de cousas concretas e con rigor, vale? Nada máis.



Sr. Fernández Piñeiro

Ben, despois da *master class* que nos deu o señor Ben aos que estamos aquí sentados sobre o que é unha moción e como interpretala, a verdade, eu pedinlle a Mónica que me beliscase un momento porque non sabía se estaba soñando, se estaba durmindo, se estaba noutro sitio. Dinos que non sabemos ler a moción, que non sabemos interpretar a moción, que non sabemos o que asinamos, pero vostede leu a moción? Porque a ver, vostede está lendo... o que di estao lendo; non sei se o escribiu vostede, entón concédolle a dúbida de que iso llo escribira alguén e vostede non lera a moción. Dígoo, non, ben, anótoo eu, tomo notas eu, non hai problema. Pero dígoo porque vostede di que o que estamos pedindo aquí é ilegal. Vou ler o que se pide aquí. Pedirle á Xunta que se implique activamente na resolución do conflito do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo. Cal é a ilegalidade? Que ten que ver isto co Sindicato Vertical? Que fale vostede do franquismo, ben, a verdade é que isto hoxe é unha repaño.

O punto b) dirixirse ás empresas concesionarias do transporte público por estrada, lembrándolles a súa obriga de negociar de boa fe e de garantir condicións laborais dignas nun servizo esencial para a cidadanía. Cal é a ilegalidade? Que é o que non ten que ver? Que é o que non lemos que estamos aquí sentados? Aquí o único que non leu o que di a moción é vostede. Hai outra opción, que é que o lera pero, como lle dá igual, porque se lle esixe algo á Xunta de Galicia, pois nos acusa ademais de non lera e que isto é unha moción que non ten nada que ver coa realidade. Eu, sinceramente, non saio do meu asombro, eh? Sobre todo porque é curioso que acabamos de aprobar ou ler ou chegamos a un acordo para unha declaración institucional que xustamente no terceiro punto di: "Solicitar ás administracións públicas competentes, nomeadamente á Xunta de Galicia e ao Goberno de Estado, que se impliquen activamente na busca dunha solución política e industrial que permita garantir...", é dicir, o que vale para Losán non vale para o transporte.

Ás veces, non sei, hoxe non terá vostede un bo día, non sei, deume a impresión un momento que era o doutor Jekyll e Mr. Hyde, dicía unha cousa, dicía a contraria, acusábanos a nós daquilo que fan vostedes, iso de consellos vendo que para min no teño, que que terá que ver isto coa situación que ten o servizo. Pois claro que ten que ver. Cando ti sacas uns pregos que son un auténtico desastre, como son estes pregos, que non o nega ninguén, nin sequera a xente do seu partido en privado porque, ou sexa, que o servizo de transporte se empeorou de forma considerable dende os últimos contratos da Xunta de Galicia non o discute ninguén neste país. Despois, cada un votará o que queira, pero non o discute ninguén. Pois claro que ten unha relación porque, se eu fago uns pregos para favorecer determinadas empresas e para que haxa un monopolio no sector, iso ten unha relación directa coa calidade dos dereitos dos traballadores do sector. Pero iso sábeo calquera, non fai falta ser economista, eh? Calquera sabe iso.

Por tanto, o estado que vimos, ademais, advertindo dende hai moito tempo, cando noutras mocións, di vostede, traía, non, se xa a trouxemos, e como sempre votaron vostedes en contra, xa trouxemos mocións sobre o tema do transporte no que afecta os viaxeiros e viaxeiras. O argumento do seu foi o de sempre, vostede non ten culpa de nada, tira para adiante, tira para adiante, pero a situación é a que é, eh? E vémosla todos; a semana pasada no meu concello, dous días o autobús das seis da mañá non apareceu. Eu convido a vostede, honestamente, que se veña comigo o próximo día a esa marquesiña ás seis da mañá e que lles solte esa perorata que nos acaba de dicir aquí a todos aos que están alí esperando, e que tiveron que levantarse ás catro e media da mañá da cama e quedar tirados nunha parada, porque un día pode pasar, iso é normal, dous incluso seguidos pode pasar, pero home, reiteradamente, ou ter autobuses que teñen un cinto de seguridade,



que é obrigatorio o seu uso por parte dos viaxeiros e logo resulta que leva a 13 ou 14 de pé detrás, como se fosen galiñas. Estamos a un tris de andar como na India, enriba do teito. Home, que veña vostede aquí a defender esa situación e a dicirnos aos demais, cunha soberbia, que poucas veces lla recordo, aínda que ás veces peca diso, pero poucas veces lla recordo, dicirnos aquí que se non sabemos o que votamos, que se non lemos a moción. Home, poña vostede algún argumento de peso sobre a mesa.

Sabe por que di vostede iso que di? Porque non ten argumentos para defender isto, ningún. E saca iso do Sindicato Vertical é surrealista totalmente, non ten nada que ver con isto. É dicir, o que estamos a pedir aquí é unha cuestión que non, como digo, non confronta coa legalidade nin coas competencias da Xunta, simplemente que se preocupen por algo que está xerado por unha decisión política que é facer uns pregos que son un auténtico desastre, que non recollían nin sequera as frecuencias dos autobuses que existían naquel momento, e agora resulta que tiven que escoitar eu, por exemplo, polo responsable de transportes desta provincia, nun momento dado, que era que resulta que Arriva naquel momento facía rutas que ninguén sabía que as facía, facíanas eles porque querían. Pois vaia auditoría de servizo que fixeron vostedes para redactar o prego.

E, loxicamente, agora hai outra derivada desa desastrosa xestión que é a laboral, que ten que ver co persoal que traballa nesas empresas, froito, como digo, da concentración da maioría dos contratos en dúas. E, loxicamente, pois hai outras consecuencias que non traemos nesta moción e das que temos tamén falado, que foi a desaparición de pequenas empresas de transporte en Galicia que foron ao tacho. E iso non foi unha cuestión que ninguén se dera conta, iso foi deliberado para favorecer uns intereses concretos. Agora, vostede, como dicía o chiste de Jaimito, píntalo de cores, nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Vamos a ver, hombre. Solo una cuestión previa, antes que me olvidé de comentar. ¿Sabe lo que tenía que hacer usted, señor Fernández? Hablar con el delegado del Gobierno, que es de su partido, hasta donde yo sé, y recordarle que hay una obligación de velar por el cumplimiento de los servicios mínimos, facilitar el cumplimiento de los servicios mínimos. Esa es una obligación que tiene usted, que podría trasladar, cosa que no se está dando.

La moción en ningún caso, en la exposición de motivos, se alude al mal funcionamiento del servicio, etc., etc. Bueno, oiga, hablamos de eso cuando ustedes quieran, pero aquí, en la moción, los acuerdos son los siguientes. Se los digo para..., los leyó usted, se lo voy a repetir al señor García Seoane, que no los ha leído aún, porque ha hablado de otras cosas, de todo, excepto de los acuerdos, y dice "implicarse activamente na resolución do conflito de transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte social da mesa na negociación do convenio colectivo".

Eso se está cumpliendo, porque eso se ha solicitado, que se sienten las partes, están hoy negociando en el Consello de Relaciones Laborales de Galicia. Ahora bien, la segunda: "empresas concesionarias de transporte público por estrada, lembrándolle a súa obriga de negociar de boa fe". Oiga, cuando dos personas se sienten a negociar, entendemos todos que hay buena fe por parte de las dos; si no, no se tendrían por qué sentar, porque la Xunta no les puede obligar a sentarse, ni les puede obligar a llegar a un acuerdo. Por eso utilizaba la ironía, obviamente, del Sindicato Vertical y usaba la misma ironía para hablar de cierta nostalgia que a ustedes les gustaría hacer obligar a llegar a un acuerdo.



Es lo único que voy a decir, como un poco, evidentemente, como una chanza, pero mire usted, señor Fernández, usted cuando se va calentando progresivamente lanza acusaciones muy graves y, como le salen siempre gratis, pues las dice, sin ton ni son, porque yo lo valgo, porque soy Bernardo. Y, como soy Bernardo pues, mira, yo disparo contra todo el mundo, soy el más listo del mundo, se me va la boca, no tengo ni puta idea muchas veces, con perdón de la expresión, de lo que digo y dice que el pliego se hizo para beneficiar a determinadas empresas, a dos empresas, dijo concretamente, eso es ilegal. Si usted tiene pruebas de que eso es así, lo que tenía que hacer es, saliendo, cagando leches de aquí, ir al juzgado y presentar una denuncia, porque eso sería una ilegalidad flagrante. Y no se puede andar acusando a la gente de cometer ilegalidades si no se tiene el cuajo o el valor de presentar una denuncia pertinente en el juzgado, que es lo que usted tiene que hacer, señor Fernández. Hace unas acusaciones muy graves.

Mire, voy a acabar el debate porque no me gusta el tono que está cogiendo esto, no me gusta el tono que tiene usted habitualmente, no tiene por qué gustarme, si le gusta a sus compañeros de partido, así les va yendo también. Y solamente decirles una cosa a los señores del BNG y a los señores del Partido Socialista, si quieren ver un ejemplo de buen servicio de transporte, magnífico servicio de transporte, les recomiendo que vayan a Santiago y vean la porquería de transporte que tenemos, vencido el contrato desde el año 2015 con sucesivos gobiernos suyos, con distintas responsabilidades, y que es un problema que tenemos sin solucionar. Eso sí que es un ejemplo de una auténtica porquería, de una bazofia y de un servicio de transporte que no es digno de ningún tipo de ayuntamiento de esta provincia, de ningún sitio, por pequeño que sea y por pocas capacidades que tenga. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, remato brevemente. A vostede o que non lle gusta non é o meu ton, o meu ton non lle desgusta. A vostede o que non lle gusta é o que digo, que é distinto porque vostede ten esa querenza, ten esa querenza a que non lles gusta que lles digan aquilo que lles molesta, a que non lles gusta que saquen as verdades, entón prefire xente máis dócil, xa o sabemos, pero eu non son.

E eu dei moitas mostras nesta Corporación, neste salón de plenos, de defender os intereses da veciñanza, incluso por riba do meu partido. Vostede a día de hoxe non deu ningún, ningún. Polo tanto, o ton, eu non lle falto ao respecto a ninguén nin murmullo mentres os demais falan, como fai vostede, por exemplo, cando estaba falando o señor Soane. Por tanto, unha vez máis é iso de consellos vendo que para min non teño. Vostede dende logo aquí non é un exemplo de educación neste Pleno. E moita xente do seu grupo, que non vou empezar por ese tema, tampouco, porque temos vivido situacións bastante complexas.

Sobre que di vostede que o meu grupo, que se mo permite, que así nos vai? Ben, pois si nos vai, si gobernando esta Deputación por primeira vez na súa historia por terceiro mandato consecutivo, os mesmos que levan vostedes na oposición. Por tanto, tan mal, tan mal de todo, tan mal de todo, si, si, tan mal de todo non nos irá, señor Ben. Tres mandatos, tres mandatos hai que marcharon vostedes de aquí, por certo, facendo unha Deputación moito mellor, moito máis xusta, máis transparente que a que tiñan vostedes, caciquil, partidista, que sabiamos como funcionaba.

E, sobre o tema que di vostede do contrato, eu manteño o que digo, manteño o que digo. Eses pregos estaban pensados para o que estaban pensados, para favorecer empresas. E viuse perfectamente, porque empezou o contrato, non tiña nin autobuses, que



ía a xente de Ferrol á Coruña coas portas abertas pola autoestrada. E iso ten uns responsables políticos, que son os da Consellería da Xunta de Galicia do Partido Popular, lle guste a vostede ou non. Por tanto, o meu ton é moi educado e moi correcto, non lle falta ao respecto a ninguén. Outra cousa é que a vostede non lle guste que lle saquen as verdades dentro desa querenza que ten vostede por defender a Xunta de Galicia a ultranza, incluso cando ten a capacidade de ver que, segundo vostede, o servizo de transporte de Santiago é pésimo e é malísimo, e o da Xunta de Galicia nolo pinta aquí de cores a todos e a todas. Veña comigo á estación de tren a Ferrol a próxima semana, poña vostede unha hora e vamos a falar alí coa xente, a ver que lle contan.

Sra. Veira González

Só por puntualizar unha cuestión: hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que di que Alsa e Monbus se repartiron o mercado. E iso foi derivado dun contrato que sacou a Xunta de Galicia e que aínda non ten rectificado. E esa sentenza xa é firme polo Tribunal Supremo, eh? Ou sexa que vamos a ver, non fai falta saír a denunciálo, que xa está denunciado, está sentenciado e xa é firme a sentenza. E a Xunta de Galicia aínda non rectificou iso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para instar á Xunta de Galiza a implicarse na resolución do conflito do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña

O transporte público por estrada é un servizo esencial para a cidadanía, especialmente nun país cunha estrutura territorial como a galega, en que milleiros de persoas dependen diariamente deste servizo para acceder ao traballo, aos centros educativos, sanitarios e a outros servizos básicos.

Na provincia da Coruña, o sector do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada atópase nunha situación crítica que prexudica a milleiros de veciños e veciñas. O novo contrato de transporte impulsado pola Xunta de Galicia está a demostrar ser un auténtico desastre: autobuses sen prazas suficientes, persoas que quedan tiradas nas paradas, liñas con frecuencias mínimas e unha evidente falta de planificación.

As consecuencias son graves: traballadores e traballadoras que non poden chegar a tempo aos seus postos, persoas maiores que non acoden a citas médicas e estudantes que ven afectado o seu dereito á educación. A combinación do transporte escolar co ordinario está a xerar máis problemas ca solucións: nenas e nenos que teñen que adaptarse aos horarios dos autobuses en lugar de ser ao contrario, chegando moito antes da hora de inicio das clases e vendo como se vulneran os seus dereitos máis básicos.

A maiores desta problemática que lle está a causar á cidadanía, o servizo atópase inmerso nun grave conflito laboral derivado do bloqueo da negociación do seu convenio colectivo,



que afecta a arredor de 3.000 persoas traballadoras e á práctica totalidade das empresas do sector. O convenio leva catro anos caducado, e non recolle avances normativos básicos en materia de conciliación, control horario ou dereitos laborais, nin garante incrementos salariais dignos nin cláusulas de revisión ligadas ao IPC.

Esta situación derivou na convocatoria de varias xornadas de folga, con estacións de autobuses practicamente paralizadas e milleiros de persoas usuarias gravemente afectadas, poñendo en risco a prestación dun servizo público esencial.

Cómpre salientar que a Xunta de Galiza ten unha responsabilidade directa nesta situación, tanto polo seu papel como principal contratista e reguladora do transporte público por estrada, como pola política desenvolvida nos últimos anos, que favoreceu a concentración do sector en mans de grandes grupos empresariais, condicionando de maneira decisiva a negociación colectiva.

A pasividade da Xunta fronte ao bloqueo patronal, así como a súa negativa a exercer un papel activo como autoridade laboral e como administración responsábel da garantía do servizo, está contribuíndo a prolongar un conflito que prexudica tanto ás persoas traballadoras como á cidadanía en xeral.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. Instar á Xunta de Galiza a:

a) Implicarse activamente na resolución do conflito do transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada da provincia da Coruña, reuníndose coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo.

b) Dirixirse ás empresas concesionarias do transporte público por estrada, lembrándolles a súa obriga de negociar de boa fe e de garantir condicións laborais dignas nun servizo esencial para a cidadanía.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Dos ruegos, doña Mónica. Ya hemos hablado en anteriores ocasiones respecto a Lousame, Le pedí en una ocasión que pasara por allí. Usted quedó, en concreto se comprometió a ponerse en contacto con la alcaldesa, en aquel momento alcaldesa de Lousame, a día de hoy alcalde, por dos carreteras que eran la DP-1106, por un proyecto de continuación, y ahora le quiero mostrar en concreto de la 1103 la situación en la que está. Esta situación es desde enero del año pasado, desde enero del año 25. Esta es una carretera provincial de Lousame, de las dos que tiene, Esta es la situación en la que está, una foto. Esta situación desde enero del año pasado. Repito, le paso las fotos, ya que no se ha acercado allí a verla, si quiere, aunque yo le aconsejaría que fuera, de lo he pedido ya, esta y ahora, recientemente, hace quince días, ha habido un desprendimiento que impide que el autobús pase a buscar a los niños en esta zona, en la 1103 y esto es como está esta carretera en este momento. Como lo han señalado ustedes, no pueden transitar el autobús

**RPT-6654235



a buscar a los niños, para ir al colegio. Yo le pido, por favor, encarecidamente, que vaya usted a Lousame, que repase la 1103 y la 1106 y que hagamos algo para que este tipo de carreteras provinciales dejen de existir, que tengan unas condiciones mejores por las que se pueda ir.

Y, respecto a la DP-7804, que ha habido una aprobación hoy en el Pleno de cinco kilómetros de Val do Dubra a Santiago, no sé si estos cinco kilómetros exactamente corresponden con los de la zona La Peregrina. Sabe usted que hace unos meses solicitamos que hubiera una especial vigilancia en esta obra porque había problemas de entrada de agua a las casas, etcétera. Ese tema se ha solucionado, ciertamente, estuvimos por allí viéndolo y es verdad que se ha arreglado bastante bien, el problema es que en esta propia infraestructura que está a punto de ser recepcionada, por plazos ya tenía que haber sido recepcionada, se ha estado rebacheando antes de entregar la obra, se ha rebacheado y ahora con estas lluvias se ha levantado todo otra vez.

Lo que yo le pido, por favor, es que esté muy atenta a esta situación. La empresa ha empezado a retirar máquinas de allí y que, cuando se recepcione esta obra, que tengamos claro que la obra está en condiciones de ser recepcionada, porque si no, efectivamente, habrá una responsabilidad política clara y es un tema que nos afecta a todos, porque con la imagen de la Diputación provincial en la zona de La Peregrina desde luego deja mucho que desear por la situación en que está pasando con esta obra y a mayores señalar bien la senda, el tramo que se ha hecho, porque prácticamente no se diferencia el tramo de senda del tramo de vía y esto puede traer consigo algún tema de riesgo y peligrosidad para los peatones. Nada más y gracias.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitísimas grazas, moi bo día a todos e a todas. Espero ser moi curta. Primeiro, señor Evaristo Ben, pediríalle, rogaríalle, eu sei que lle encanta que ultimamente, ben, xa me estrañaba que hoxe non houbera rogos nin preguntas destinadas directamente a min, pero estou para iso, de verdade que non teño ningún problema. Pero sobre o primeiro rogo, teño que dicirlle que está mal informado. É dicir, debe falar co señor alcalde do Concello de Lousame e co concelleiro de Obras e debe informarlle, porque esta mesma semana estiven alí e pasei dúas ou tres horas acompañada do xefe de servizo, acompañada... e non é que estivera no concello e que me trataron marabillosamente ben, e que falamos de todas as estradas provinciais, que ademais nos diriximos aos puntos para ver esa situación duns e doutros.

Polo tanto, sei que vostede quere ordenar a miña axenda, a verdade é que llo vexo difícil porque de momento voume arranxando para poder amañala, pero que estiven alí, ademais coordinei o día previamente, como debe ser, co señor alcalde, co concelleiro e, repito, cunha atención magnífica, con diálogo e coñecendo da man, pois loxicamente dos veciños e neste caso do alcalde, pois as necesidades que hai alí e que loxicamente, como debe ser, e non pode ser doutra maneira, nos comprometemos para poder avanzar en melloras en obras.

Falando de mantemento, voulle trasladar que xa a capataz sabe perfectamente o que hai, pero, como vostede sabe, dende o mes de outubro as choivas son as que son, a climatoloxía non só creo que isto pase en Lousame, porque desgraciadamente pasa en moitos e pois esas tarefas de mantemento, sobre todo de repavimentación, de bacheo, os traballos de aglomerado, neste caso bituminoso, pois con esta climatoloxía é moi difícil, vale? Entón dicirlle que estamos sobre iso, que me preocupan dende logo as problemáticas que poden ter as estradas provinciais e que estamos a poder atendelas á maior brevidade



posible. Punto número un.

E sobre o rogo número dous, dicirlle da Peregrina que estamos moi pendentes de todo iso, como ben recoñecía, acabamos de aprobar un proxecto de repavimentación neses PK adiantándonos para que este traballo administrativo, é dicir, e agradecer, como non?, unha vez máis aos técnicos que xa redactaron o proxecto, xa se trouxo hoxe aquí, se aprobou, mentres que esperamos e sabemos, creo que todos e todas nesta casa e en calquera concello da provincia, a problemática que temos cando nos atopamos con retranqueos de postes de Fenosa ou de Telefónica.

E sabe vostede que levamos traballando con este tema, porque persoalmente e os técnicos levan traballando moito, pois de ir á obra, de coñecer o problema, de ver como solucionar o problema dos retranqueos dos postes, que é algo que non está nas nosas mans e que sabemos que a esta casa, non só nesta obra, senón en moitas, pois lle traen, a verdade é que bastantes quebradeiros de cabeza e coñecemos creo que todos e todas as que estamos aquí. Polo tanto, creo que é unha mostra de dicir que estamos adiantando e aprobando hoxe unha repavimentación nun tramo desa estrada para que no momento que estean retranqueados eses postes, espero e desexo que estea adxudicada esta obra e se poidan, xa contando un pouquiño máis con que o clima estea mellor para facer esa repavimentación e terminar os labores nese tramo que tan necesarios son, sen lugar a dúbida.

Pero recórdolle que estamos moi pendentes e intentaremos que todo avance da mellor maneira polo ben, sobre todo deses veciños e deses peóns que circulan por aí todos os días. Moitas grazas e moi boa tarde.

Sr. Ben Otero

Solamente agradecerle que haya visitado Lousame en enero del año 26, cuando el compromiso suyo había sido adoptado en abril del año 25, de visitar con otra alcaldesa incluso. Además, le agradezco que haya ido, es buena cosa, pero solamente recordarle que el mal tiempo no es de ahora, efectivamente se ha agravado en la 1103 la situación, pero los baches que le he enseñado con las señales de tráfico marcando los baches son de enero del año 25 ya, esas fotos. Gracias.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Síntoo, non quero facer aquí competencia nin moito menos, pero eu creo que, se de verdade foramos atendidos nos nosos concellos, e xa que vostede me recrimina as miñas visitas puntuais a cada estrada provincial, que créame que lle dedico todas as horas que podo e repítolle, creo que estou á disposición de cada alcalde ou alcaldesa desta Corporación provincial, porque loxicamente que hai necesidades e estamos para iso, pero tamén lle digo, teño algún colexio de primaria en Vimianzo que convido a que levo anos esperando a que o veñan a ver. Entón, é dicir, estame recriminando a min como deputada, eu creo que respécteme un pouquiño porque eu creo que estamos atendendo, e, repito, cando vostede me chama, é que o estou facendo. Pero se vostede me recrimina a min como deputada, e xa o fixo ademais no Pleno anterior, me recrimina porque parece que as visitas non son axeitadas ao que vostede consideraría na miña axenda, pois eu tamén teño que, loxicamente, recriminarlle estas cousas. Temos que vernos, pois o lixo no ollo de todos, non só no de en fronte. Moitísimas grazas e desculpade. Boa tarde.



Sr. Presidente

Boa tarde a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:40 horas.